



PROGRAMACIÓN XERAI ANUAL

**Ceip Plurilingüe e
Ricardo Tobío**

2014-15

Aprobado polo Claustro e Consello Escolar (20/10/2014)

CEIP PLURILINGÜE RICARDO TOBÍO

CÓDIGO: 15009810

Rúa Freixeiros, 13
ESTEIRO-MUROS
15240

TLFNO. 981763584
FAX. 981763185

ceip.ricardo.tobio@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceipricardotobio

Índice**INTRODUCCIÓN E CONTEXTO.** [Acceder](#)**1.-PLAN ANUAL**

- 1.1 [Obxectivos específicos](#) (Páx. 4)
- 1.2 [Medidas](#) (Páx. 5)
- 1.3 [Recursos](#) (Páx. 5)
- 1.4 [Concreción anual e modificación do PEC](#) (Páx. 6)

2.-ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO

- 2.1 [Órganos de goberno](#) (Páx. 6)
- 2.2 [Órganos de participación no control e xestión do centro](#) (Páx. 6)
- 2.3 [Plan de actuación dos órganos colexiados e do equipo directivo](#) (Páx. 8)
- 2.4 [Estatística de principio de curso](#) (Páx. 8)
- 2.5 [Plan de utilización das instalacións do centro](#) (Páx. 10)

3.-HORARIO XERAL DO CENTRO

- 3.1 [Xornada Escolar](#) (Páx. 11)
- 3.2 [Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais](#) (Páx. 11)
- 3.3 [Horario de atención a pais](#) (Páx. 14)
- 3.4 [Horario de atención ao público do Equipo Directivo](#) (Páx. 14)
- 3.5 [Quendas de vixilancia](#) (Páx. 15)
- 3.6 [Horario do profesorado](#) (Páx. 15)

4.-ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- 4.1 [Comisión de Coordinación Pedagóxica](#) (Páx. 15)
- 4.2 [Departamento de Orientación](#) (Páx. 16)
- 4.3 [Equipos de Ciclo](#) (Páx. 21)
- 4.4 [Comisión de Coordinación da Avaliación de Diagnóstico](#) (Páx. 22)
- 4.5 [Calendario de reunións](#) (Páx. 22)

5.-PLANS E PROXECTOS PARA ESTE CURSO

- 5.1 [Plan de actividades Alternativas ao Ensino da Relixión](#) (Páx. 23)
- 5.2 [Programa de estimulación á linguaxe](#) (Páx. 24)
- 5.3 [Proxecto “Mellora da Biblioteca escolar”](#) (Páx. 26)
- 5.4 [Plan de actividades Extraescolares da tarde . Propostas pola ANPA.](#)(Páx. 29)
- 5.6 [Plan Xeral de Actividades Complementarias.](#) (Páx. 30)
- 5.7. [Plan de Fomento da Dinamización da Lingua Galega](#) (Páx. 35)
- 5.8 [Plan de Transporte Escolar](#) (Páx. 35)
- 5.9 [Plan Xeral de Avaliación do Centro](#) (Páx. 35)
- 5.10 [Plan de Autoprotección](#) (Páx. 36)
- 5.11 [Proxecto plurianual \(UN PASEO POLA HISTORIA\).](#)(Páx. 36)
- 5.12 [Plan de Recuperación dos Xogos Tradicionais](#) (Páx. 38)
- 5.13 [Proxecto de xogos no patio.](#) (Páx. 39)

6.-PROGRAMA PLURILINGÜE

- 6.1 [Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe](#) (Páx. 40)

7.-CALENDARIO ESCOLAR

- 7.1 [Calendario de avaliacións](#) (Páx. 42)

8.-LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

- 8.1. [Libros de texto e material curricular](#) (Páx. 43)

9.-ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

- [Addenda.](#) (Páx. 44)

ANEXOS.

- [ANEXO I. Plan anual de lectura.](#) (Páx. 45)
- [ANEXO II. Plan de integración das TIC](#) (Páx. 49)
- [ANEXO III. Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir dos resultados da avaliación diagnóstica.](#) (Páx. 57)

Introdución e contexto.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa non modifica o artigo 125 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que especifica a obriga dos centros de elaborar ao principio de cada curso escolar unha programación xeral anual que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación acordados e aprobados.

A presente PXA, está elaborada en base á memoria aprobada no curso anterior, e con relación ás propostas de mellora expresadas na mesma.

Ao comezo deste curso 2014-15, e no marco do proxecto de dirección, este equipo directivo pretende continuar coa consecución dun centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno, mantendo a traxectoria pedagóxica levada a cabo nos cursos anteriores.

O colexio está situado nunha zona costeira marítimo-rural, e acolle alumnado de educación infantil e primaria. Dito alumnado procede de catro parroquias distintas: Abelleira, Tal, Torea e Esteiro.

1. Plan Anual

1.1. **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.**

- 1.- Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, utilizando os recursos materiais e humanos dispoñibles.
- 2.- Insistir no arranxo e mellora das infraestruturas do Centro.
- 3.- Conseguir un mellor aproveitamento dos espazos e locais do colexio.
- 4.- Buscar o funcionamento eficaz dos diferentes recursos didácticos.
- 5.- Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, os distintos equipos así como unha boa relación con toda a comunidade educativa e con todas as institucións coas que nos relacionamos.
- 6.- Favorecer a integración de alumnos e alumnas procedentes doutros colexios.
- 7.- Organizar a xestión da biblioteca escolar, dentro do Plan de Mellora no que estamos integrados desde hai varios cursos.
- 8.- Planificar e levar a cabo o Proxecto Lector do Centro, a través das distintas estratexias establecidas ao principio de curso para organizar tempos e espazos.
- 9.- Potenciar a lingua galega a través do plan elaborado polo Equipo de Dinamización Lingüística.
- 10.- Organizar e desenvolver as distintas actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso.
- 11.- Favorecer a planificación e organización das distintas actividades que xurdan no ámbito da biblioteca escolar, actividades extraescolares, dinamización lingüística, etc.
- 12.- Funcionamento da aula de informática dentro do Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación propio do noso Centro .
- 13.- Aumentar os coñecementos e a implicación do profesorado na xestión informática dos datos académicos que compete ao seu alumnado.
- 14.- Mantemento e difusión da páxina web e blogs educativos propios.

15.- Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ou con necesidade de reforzo educativo.

16.- Revisar o Plan de Convivencia do Centro e dinamizar o Observatorio de Convivencia Escolar.

17.- Revisar os distintos plans, proxectos e documentos organizativos do centro (Proxecto Educativo, Normas de Organización e Funcionamento, Plan de Autoprotección, etc.)

18.- Continuar co proxecto das “Brigadas Verdes” comezado hai tres cursos, como recurso de potenciación do respecto polo medio ambiente, e mellorar a súa coordinación.

19.- Continuar a andadura como centro plurilingüe, poñéndonos ao día nos recursos lingüísticos necesarios para levar a cabo este proxecto.

1.2. **MEDIDAS.**

1.- Elaboración dos distintos horarios de atención ao alumnado.

2.- Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación, que unha vez constituídos, elaborarán e desenvolverán os plans respectivos.

3.- Xestionar os recursos económicos segundo as necesidades xurdidas.

4.- Reunións dos Equipos de Ciclo, Dinamización Lingüística, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Biblioteca, Plan Lector, TIC's. Do mesmo xeito, reunións do Equipo Directivo, Departamento de Orientación e calquera outra necesaria para a planificación das distintas actividades a levar a cabo.

5.- Información frecuente ás familias, propiciando a súa colaboración e implicación no proceso educativo.

6.- Relación co Concello de Muros por mor das necesidades de mantemento do colexio e das distintas actividades programadas desde o mesmo.

7.- Contacto coa Xefatura Territorial e coa Unidade Técnica, en relación ás carencias e necesidades solicitadas con respecto á infraestrutura do centro.

8.- Interacción coa Inspección Educativa, para lograr que os documentos elaborados sigan uns criterios únicos. Así mesmo, para acadar a máxima eficacia na resolución de calquera conflito que poida xurdir.

1.3. **RECURSOS.**

1.- A normativa vixente en canto a organización e funcionamento dos centros educativos na nosa comunidade.

2.- Os Proxectos Curriculares de Infantil e Primaria adaptados á nova lexislación.

3.- Os distintos recursos materiais obtidos dos diferentes organismos públicos, Consellería e Concello.

4.- As asignacións orzamentarias procedentes da Consellería de Educación.

5.- As diferentes aplicacións informáticas destinadas á mellora no proceso de información e documentación escolar, así como as pedagóxicas e educativas para traballar co alumnado.

1.4. CONCRECIÓN ANUAL E MODIFICACIÓN DO PEC.

O PEC do noso centro, segue vixente, aínda que corresponde, neste curso, a súa revisión e actualización

Ao comezo do curso académico, e seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, cada Equipo de Ciclo establecerá as medidas necesarias para poñer en práctica o Proxecto Educativo no seu ciclo durante o curso escolar. Entre estas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas de ciclo, que ao supoñer o segundo nivel de concreción do currículo, permiten adaptar os contidos do P.E. ao grupo de alumnos/as atendendo ás necesidades e características dos mesmos. Estas programacións de ciclo serán remitidas ao servizo de Inspección Educativa no prazo establecido.

Cada mestre/a, pola súa banda, e partindo das programacións de ciclo, elaborará a súa programación de aula, e levará, coa práctica diaria na aula, os aspectos indicados nos niveis de concreción curricular anteriores. As programacións de aula, quedarán en poder dos respectivos mestres/as para seren usadas nas aulas, podendo ser reclamadas en calquera momento para verificar a súa coherencia co P.E. e programación de ciclo.

Do mesmo xeito, e atendendo ás mencionadas características do alumnado, cada equipo de ciclo propoñerá á Comisión de Coordinación Pedagóxica, aqueles cambios que consideren necesarios no Proxecto Educativo, de xeito que permita unha mellor consecución dos obxectivos neste indicados. Corresponde, en última instancia, ao Consello Escolar o aprobar e introducir as modificacións propostas se así o consideran oportuno.

Este proceso de modificación do PEC manterase ó longo de todo o curso académico, coa revisión constante das programacións de ciclo segundo as necesidades e evolución do alumnado, para unha mellor consecución dos obxectivos nelas establecidos.

2. Estructura orgánica do Centro

2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

Dirección: Gonzalo Brea Romaní
Xefatura de Estudos: María Dolores Pérez Castaño
Secretaría: Susana González Vázquez

2.2. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN DO CENTRO

2.2.1. CLAUSTRO

Formado por todo o profesorado do Centro.

2.2.2. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar está formado por:

- Presidente: Gonzalo Brea Romaní
- Secretaria: Susana González Vázquez
- Xefa de Estudos: María Dolores Pérez Castaño
- Profesorado:
 - Mei Camba Castro
 - Susana González Vázquez
 - María Carmen Monteagudo Romero
 - M^a Luisa de Simón Rúa

- Raquel Viña Molinos
- Pais/Nais:
 - Enma Rosalía Lestón Caamaño (ANPA)
 - Teresa Abeijón Tobío
 - Soraya Hermida Piñeiro
 - María Manuela Mayo Montes
 - Mónica Sande Piñeiro
- Persoal de servizos:
 - José Ramón Romero Echeverri
- Representante do Concello:
 - Manuel Bartolomé Freire Eiras
- Representante do alumnado:
 - Elixirase no presente curso.
- MEMBROS DA COMISIÓN ECONÓMICA
 - Gonzalo Brea Romaní
 - Mei Camba Castro
 - Enma Rosalía Lestón Caamaño
- MEMBROS DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA
 - Gonzalo Brea Romaní
 - María Dolores Pérez Castaño
 - Susana González Vázquez
 - Teresa Abeijón Tobío
 - Soraya Hermida Piñeiro
 - Manuel Bartolome Freire Eiras
- MEMBROS DA COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN
 - Gonzalo Brea Romaní
 - María Dolores Pérez Castaño
 - María Luisa de Simón Rúa
 - José Ramón Romero Echeverri
 - María Manuela Mayo Montes
- MEMBROS DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA
 - Raquel Viña Molinos
 - María Carmen Monteagudo Romero
 - Mónica Sande Piñeiro

Cabe destacar a convocatoria de eleccións aos consellos escolares que se realizará neste primeiro trimestre do curso, polo que a composición de dito órgano variará substancialmente.

2.3. **PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO**

2.3.1. *ÓRGANOS COLEXIADOS.*

Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión do centro realizarán as reunións pertinentes para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento o seu traballo.

O calendario de reunións será polo menos de tres por curso, facendo coincidir a primeira co inicio do curso e a última co remate do mesmo. Tanto o Consello Escolar como o Claustro de profesores reuniránse tantas veces como se estime oportunas.

O horario dos claustros será preferentemente ás 17'00 horas dos luns.

Os Consellos Escolares celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de todos os membros, preferentemente o mesmo día da realización do claustro.

2.3.2. *EQUIPO DIRECTIVO..*

Ao inicio do presente curso, a anterior xefa de estudos presentou a súa renuncia por motivos persoais, que foi aceptada pola dirección e validada pola inspección educativa. Por este motivo, incorporouse, como novo membro do equipo, a mestra de apoio en Educación Infantil, María Dolores Pérez Castaño.

O plan de actuación do equipo directivo estará baseado no consenso para a toma de decisións e no traballo de xeito coordinado para o desempeño das súas funcións. Para iso conta con dúas horas semanais de coordinación.

Un dos obxectivos do equipo directivo será lograr o maior benestar de todos os membros da comunidade educativa, atendendo na medida do posible as necesidades de cada persoa.


Por outra banda tentarase que os espazos de traballo estean o máis ordenados e acolledores posible. Así mesmo, tratarase de crear un ambiente cómodo e agradable para o traballo.

2.4. **ESTADÍSTICA DE PRINCIPIO DE CURSO**

Alumnado matriculado

No mes de outubro deste curso estaban matriculados un total de 149 alumnos/as.


GRÁFICA EVOLUTIVA ÚLTIMOS 5 ANOS



Adscrición do profesorado

Este curso, comezamos sen problemas de profesorado, pois tivemos a totalidade do establecido no catálogo do centro, aínda que as prazas de Xefatura do Departamento de Orientación e Relixión Católica son compartidas con colexios do Concello, polo que os mestres adscritos son itinerantes. O claustro consta, neste curso, de 18 persoas, ao igual que o curso pasado.

Un total de 13 son definitivos no centro, e entre o resto temos 1 persoal laboral indefinido (profesora de Relixión), 2 profesores interinos e 2 funcionarias provisionais. Ademais, hai 1 profesora que tendo destino definitivo no noso centro, está en comisión de servizo noutro colexio.



A adscrición a niveis e áreas para este curso foi a seguinte:

| PROFESOR/A | CURSO/ÁREA |
|---|-----------------------|
| M ^a LUISA DE SIMÓN RÚA | INF. 3 ANOS |
| ENCARNACIÓN MAYO PARÍS | INF. 4 ANOS |
| RAQUEL VIÑA MOLINOS | INF. 5 ANOS |
| M ^a DOLORES PÉREZ CASTAÑO | APOIO INFANTIL |
| CRISTINA HERRERO MAYOR | 1º PRIMARIA |
| ANA CELIA LÓPEZ Y LÓPEZ DE PRADO | 2º PRIMARIA |
| VALENTÍN TOBA FIGUEIRAS | 3º PRIMARIA |
| M ^a DOLORES CREO MAYO | 4º PRIMARIA |
| DOMITILA MAYO LESTÓN | 5º PRIMARIA |
| MARÍA BOLIVIA ÍNSUA FERNÁNDEZ | 6ºA PRIMARIA |
| MEI CAMBA CASTRO | 6ºB PRIMARIA |
| M ^a CARMEN MONTEAGUDO ROMERO | INGLÉS |
| GONZALO BREA ROMANÍ | MÚSICA e INGLÉS 1ºPR |
| MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO | ED. FÍSICA |
| EVA MANUELA SANTIAGO HERMIDA | RELIXIÓN (itiner.) |
| M ^a DOLORES VIGO FERNÁNDEZ | PEDAG. TERAP. |
| SUSANA GONZÁLEZ VÁZQUEZ | AUD. E LING. |
| ÓSCAR ROMERO ALMALLO | ORIENTACIÓN (itiner.) |

2.5. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

2.5.1. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO EQUIPAMENTO

Contamos con dous edificios separados entre si, destinados á práctica docente. As instalacións, en xeral, son aceptables, coas salvedades lóxicas de persianas rotas, perdas de auga ou portas deterioradas, que se poden arranxar dun xeito mais ou menos inmediato. Aínda que hai que realizar matizacións en certos aspectos, que nos parecen os mais salientables.

O corredor de acceso ás aulas de educación infantil, biblioteca, ludoteca, inglés e música ten moitas pingueiras sen arranxar desde hai xa algúns cursos. Nos días de choiva, que son moitos, temos que poñer cartóns no chan para evitar esvaróns perigosos.

O ximnasio ten moitas deficiencias. Ademais, o equipamento está bastante obsoleto. Vemos imprescindible a construción dun novo ximnasio adaptado as necesidades do alumnado.

O salón de “usos múltiples” necesita unha renovación total, salientando que a tarima que fai de escenario nos festivais e actuacións, está cada vez mais deteriorada, polo que este curso vai ser imposible o seu uso. O teito ten buratos, e se chove, entra a auga.

O parque infantil que tiñamos, xunto ao patio cuberto, debido ás súas malas condicións e perigosidade, tivo que ser desmantelado polo Concello, despois da solicitude feita polo Consello Escolar, a finais do curso pasado. Estamos á espera dunha resposta sobre a colocación dun novo.

Por último, a realización das obras de construción dunha gardería, pegadas ao recinto escolar, ocuparon media pista deportiva que tiñamos no patio. Por tal motivo, a utilización de dita pista, xunto cos seus recursos (porterías e canastras), quedou moi limitada. De momento, e mentres non fagan unha pista nova, o alumnado xoga ao fútbol no patio de terra.

2.5.2. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

As instalacións do centro están destinadas para a práctica docente, durante o horario de mañá e para as actividades extraescolares no horario de tarde.

Cada nivel educativo dispón dunha aula para a actividade lectiva habitual co seu titor ou titora, se ben, as áreas de especialidade son impartidas en aulas específicas: apoio a infantil, inglés, música, relixión, educación física, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe.

A biblioteca e a aula de informática son utilizadas segundo un horario flexible que se establece ao principio de cada curso. Ademais, a biblioteca permanecerá aberta nos recreos dos martes e xoves, para o préstamo e devolución de libros, ademais das tardes con actividades extraescolares.

O Consello Escolar, ten aprobado, desde os cursos anteriores, a petición dunha Asociación Cultural da parroquia para o uso do ximnasio, salón de usos múltiples e do patio cuberto, en horario non lectivo, concretamente os sábados pola mañá, podendo ser flexibles no caso de necesitar outro horario fóra das actividades habituais do alumnado.

3. Horario Xeral do Centro

3.1. XORNADA ESCOLAR

Neste centro escolar temos concedida a xornada continuada de mañá, que abrangue de 9'30 a 14'30, tanto para educación infantil como primaria. A puntualidade será un aspecto a ter en conta durante este curso.

Cada xornada estará dividida en cinco sesións lectivas que terán o seguinte horario:

- 1ª sesión, de 9'30 a 10'24
- 2ª sesión, de 10'24 a 11'18
- 3ª sesión, de 11'18 a 12'12
- 4ª sesión, de 12'42 a 13'36
- 5ª sesión, de 13'36 a 14'30

Os recreos serán de media hora e irán desde as 12'12 a 12'42.

Cada recreo estará vixiado por un mínimo de catro profesores distribuídos en zonas para atender á totalidade do alumnado.

Cada cambio de sesión estará avisado co toque do timbre, ao igual que os tempos de saída ao recreo e saída ás casas, sendo estes toques máis longos.

O alumnado de Educación Infantil non transportado será recollido polos familiares cinco minutos antes da hora para evitar aglomeracións e conseguir así unha saída menos conflictiva. O alumnado de Educación Infantil transportado será o primeiro en saír, ata o cancelo exterior, acompañado de dous profesores de garda, que os entregarán aos acompañantes de autobús correspondentes. A continuación sairá o resto do alumnado, en orde e en fila polo pasadizo exterior.

Segundo a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, corresponde ao profesorado a atención do alumnado transportado, polo que a dirección dispuxo que:

- A apertura do recinto escolar realizarase, a nivel xeral, ás 9'20, polo que ninguén poderá acceder ao mesmo antes desa hora.
- Unicamente entrará no recinto o alumnado, que será atendido polo profesorado de garda, desde as 9'20 ata as 9'30, non permitindo a entrada a familiares ou acompañantes, durante eses 10 minutos.
- Na hora de saída, o profesorado de garda será o encargado de acompañar ao alumnado ata o portalón do recinto, onde esperarán os familiares, acompañantes e monitores do transporte.

3.2. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Co firme propósito de conseguir os obxectivos plantexados dende a función orientadora en aras de proporcionar resposta a todas e cada unha das necesidades da comunidade educativa co fin último de articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro. Por iso é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo, fundamentalmente coa xefatura de estudos.

- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- A importancia dos coordinadores, coa función de ordenar e coordinar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- O impulso do orientador coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.

3.2.1. DESENVOLVEMENTO. ACTUACIÓNS.

3.2.1.1 MODALIDADES DE ATENCIÓN:

3.2.1.1.1. ATENCIÓN XERAL:

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ,o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

Así, o requirido pola diversidade dos nosos alumnos abarca un amplo abanico que inclúe a necesidade de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, a encomenda de certas responsabilidades, a necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumno se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal de cada alumno: os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno que facilite o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, etc, sendo fundamental que o titor estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente).

3.2.1.1.2. ATENCIÓN NO CASO DO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO:

Na atención daquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo e desde o punto de vista propiamente académico, poden levarse a cabo varios tipos de actuacións de carácter organizativo, pedagóxico e curricular:

A. RE sen apoio:

Son medidas que o propio profesorado diseña e aplica con aqueles alumnos que teñen dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...).

B. RE con apoio especializado:

Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada.

O procedemento para a demanda de intervención do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor á xefatura de estudos do centro da necesidade de intervención.
- Comunicado desa demanda o xefe do Departamento de Orientación por parte da xefatura de estudos.
- Enchido por parte do profesor da folla de datos (cuestionario previo) aportada pola orientadora.
- Proceso de avaliación e informe de atención ás necesidades específicas de apoio educativo .

C. RE con apoio de profesorado do colexio:

Esta medida contempla o apoio de profesorado do centro nas áreas instrumentais.

Poderá poñerse en funcionamento ao comezo de cada curso en función das dispoñibilidade horaria do profesorado. A xefa de estudos informará ao orientador deste extremo aos efectos de elaborar a proposta de apoios.

D. ADAPTACIÓN CURRICULAR:

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3.2.2. CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO.

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, o orientador elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACS.
3. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
4. Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno fora do grupo ordinario.
5. Evitarase a ausencia nas materias non instrumentais que favorecen a integración.
6. A atención diferenciada ós alumnos con n.e.a.e. fora da aula será temporalizada compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula por parte dos profesores do grupo ordinario non podendo prescindirse desta última en ningunha das áreas do currículo.

3.2.3. CRITERIOS NA DECISIÓN SOBRE A NON PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Á hora de decidir sobre a non promoción dun alumno ó curso seguinte teranse en conta o lexislado respecto da avaliación en Infantil e en Primaria ; criterios que se concretan en:

3.2.3.1. EDUCACIÓN INFANTIL:

Promocionará todo o alumnado, contemplando, de ser necesario, o establecido no Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación do alumnado con n.e.e. e na Orde do 27

de decembro pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

3.2.3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA:

Promocionará:

- O alumnado que alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grao de madurez consoante a súa idade.
- O alumnado que permaneceu un ano máis na etapa.
- O alumnado con áreas sen superar cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo.

3.2.4. ACTUACIÓNS A NIVEL DE DOTACIÓN.

3.2.4.1. NO ÁMBITO ESCOLAR.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT, AL, ...).

3.2.4.2. NO ÁMBITO INFRAESTRUTURAL.

A escolarización de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, etc. deberán considerar as circunstancias específicas destes nenos.

3.3. **HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS.**

O horario de atención a pais/nais será os luns de 4'00 a 5'00 da tarde.

Poderase, de maneira excepcional, atender a un pai/nai en horario distinto, sempre que exista un acordo previo co profesorado ou cando a urxencia do tema o requira.

En ningún caso, se atenderá a un pai/nai en momentos en que o profesorado teña alumnado ao seu cargo.

3.4. **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO.**

| | |
|--------------------|--|
| • DIRECTOR: | |
| | ○ LUNS, MARTES, XOVES e VENRES: 9'30 a 10'20. ○ OS MÉRCORES: 9'30 a 14'00 |
| • XEFA DE ESTUDOS: | |
| | ○ LUNS, MARTES E VENRES: 9'30 a 10'20 |
| • SECRETARIA: | |
| | ○ De LUNS a VENRES: 9'30 a 10'20 |

3.5. QUENDAS DE VIXILANCIA (RECREOS E ATENCIÓN A ALUMNADO TRANSPORTADO)

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--|---|---|--|--|
| Carmen Monteagudo Domitila Mayo Ana Celia López Raquel Viña | M ^a Dolores Creo Bolivia Ínsua Encarnación Mayo Mei Camba | (Membro E.DIR.) Eva Santiago Óscar Romero Marisol Nieto | Valentín Toba M ^a Luisa de Simón Dolores Vigo Cristina Herrero | ALTÉRNANSE OS GRUPOS DOS OUTROS DÍAS. |

3.6. HORARIO DO PROFESORADO

Como consecuencia da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, na que corresponde ao profesorado a atención do alumnado transportado, sendo estas gardas consideradas como lectivas, **os mestres e mestras deste centro disporán dunha compensación de 20 minutos semanais, de libre disposición, que se recollerá no seu horario personal.**

4. Órganos de Coordinación Docente4.1 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A comisión de Coordinación Pedagóxica está composta polos seguintes membros:

- Director: Gonzalo Brea Romaní
- Xefa de Estudos: María Dolores Pérez Castaño
- Coordinadores:
 - Infantil: María Dolores Pérez Castaño
 - 1º Ciclo: Ana Celia López y López de Prado
 - 2º Ciclo: María Dolores Creo Mayo
 - 3º Ciclo: María Dolores Vigo Fernández
- Departamento de Orientación:
 - Orientador: Óscar Romero Almallo
 - Profesora de AL: Susana González Vázquez
 - Profesora de PT: María Dolores Vigo Fernández
- Dinamización Lingüística: María Carmen Monteagudo Romero
- Equipo da Biblioteca (PLAMBE): Raquel Viña Molinos

A comisión reunirse, cando menos, unha vez ao mes. Entre as accións previstas para este curso están as seguintes:

- Acordo sobre os criterios de centro, en base as Actividades alternativas á Relixión.
- Revisión do PEC e do NOF
- Concreción curricular de obxectivos xerais.
- Revisión do establecemento de criterios para a avaliación por competencias.
- Acordo sobre criterios de selección na participación do proxecto Escolas Viaxeiras.
- Criterios de promoción de ciclos e etapas.
- Establecemento de directrices para a elaboración das probas de mínimos esixibles.
- Organización e temporalización das sesións de avaliación en base a criterios de homoxeneidade dos trimestres.

4.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

ANÁLISE DA SITUACIÓN

O *C.E.I.P. Plurilingüe Ricardo Tobío* componse de 10 unidades, 3 do segundo ciclo da Educación Infantil para os tres niveis de 3, 4 e 5 anos, e 7 de Educación Primaria (liña 2 no 2º curso do 3º ciclo). Ademais ten adscrita a E.E.I. de Tal, dependente deste Departamento de Orientación.

ANÁLISE DE NECESIDADES

- Asesoramento no desenvolvemento da avaliación inicial.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo e dificultades de aprendizaxe.
- Revisión das medidas de reforzo que segue o alumnado e das medidas de intervención.
- Deseño de medidas de atención á diversidade para o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.
- Organizar a incorporación dos temas transversais no currículo, integrados nas distintas áreas e mediante actividades globais.
- Fomentar hábitos e técnicas de estudo entre o alumnado.
- Mellorar a convivencia escolar e a comunicación centro-familias (Plan de Convivencia).

PRIORIDADES

- Dotación de materiais e recursos ó departamento.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas do alumnado para a detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Coordinación entre os diferentes ámbitos de desenvolvemento do alumnado: coordinación do equipo docente, maior implicación e colaboración familiar, colaboración con outras entidades: servizos sociais, profesionais externos,...
- A mellora da convivencia escolar.
- A coordinación entre ensinanzas de Educación Infantil, Primaria e ESO entre os centros da zona.

ACTUACIÓNS

MEDIDAS DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

MEDIDAS PREVENTIVAS

Avaliación inicial: Coa finalidade de coñecer o punto de partida de cada alumno/a e do grupo, para introducir as medidas de intervención que se consideren oportunas (reforzos, ACS,...).

Asesoramento e colaboración nas tarefas xerais do centro:

- Colaborar na revisión do PE, das CC e do NOF.
- Participación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elaboración do Plan de Acción Titorial, que forma parte do PE.
- Colaborar na elaboración, modificación e supervisión do Plan de Convivencia Escolar.

Criterios metodolóxicos e organizativos a nivel de aula para atender á diversidade:Criterios metodolóxicos:

- Fomento da participación dos alumnos na dinámica de aula.
- Incluír actividades variadas, con distintos niveis de esixencia; conectadas cos coñecementos previos dos alumnos; con diversidade en canto ás linguaxes que empregan e, na medida do posible, con carácter práctico e funcional.
- Materiais didácticos e procedementos de avaliación variados, según necesidades dos alumnos.
- Fomento da interacción entre iguais e do traballo en grupo cooperativo.

Criterios organizativos:

- Tempos flexibles para a realización de actividades e a adquisición de aprendizaxes.
- Combinar o traballo en grupos homoxéneos e heteroxéneos de acordo coas necesidades de cada momento.
- Traballo cooperativo e axuda entre iguais.

Información/formación das familias:

- Entrevistas individuais con pais/nais.
- Colaboración cos titores na organización das reunións grupais con pais/nais.
- Actividades de formación e información ás familias.

Avaliación psicopedagóxica: Do alumnado derivado ao Departamento de Orientación debido a dificultades de aprendizaxe, persoais e/ou de conduta co obxecto de propoñer medidas de intervención.

Competencia: do orientador, coa colaboración de todos os profesionais que participan no proceso de ensino-aprendizaxe do alumno: titores, profesores de apoio, e se é necesario, os especialistas do equipo de orientación específico.

Aspectos a avaliar:

- Características do alumno/a: antecedentes reseñables a nivel físico e de saúde, historia escolar, nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, motivacións e intereses, condicións persoais de discapacidade ou sobredotación (grao de desenvolvemento cognitivo, biolóxico, motor, comunicativo-lingüístico, emocional e social).
- Características do contexto escolar: organización do centro e da aula, características e relacións no grupo e no centro, así como as características da intervención educativa.
- Características do contexto sociofamiliar: características relevantes da familia e do entorno social, expectativas e actitude dos pais e o grao de posibilidades de colaboración familiar.

Proceso de avaliación psicopedagóxica:

- Derivación ao departamento de orientación (folla de derivación).
- Recollida de información:
 - entrevistas
 - análise de documentos
 - observacións
 - análise de traballos e tarefas
 - cuestionarios
 - probas psicopedagóxicas
- Elaboración do informe psicopedagóxico por parte do orientador.
- Reunión conxunta do orientador, titor/a, xefe/a de estudos e participantes na avaliación para valorar a información recollida e tomar as decisións pertinentes.

Participación do orientador e das profesoras de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica nas sesións de avaliación: Co obxectivo de realizar o seguimento de alumnos/as (especialmente daqueles que presentan necesidades específicas de apoio educativo) e grupos, valorar o seu progreso e as medidas adoptadas; así como detectar posibles dificultades de relación e/ou aprendizaxe.

Mellora da convivencia escolar (PROGRAMACIÓN ESPECÍFICA no Plan de Convivencia Escolar) con actividades de educación en valores, desenvolvemento de habilidades sociais, etc., implicando ás familias.

Colaboración con outras institucións e servizos:

- Concello: (Servizos Sociais) seguimento do alumnado do centro incluídos no programa de educación familiar do concello; detección de novos casos que poderían beneficiarse do programa; colaboración na organización de actividades relacionadas co tratamento de temas transversais.
- Equipo de orientación específico da provincia de A Coruña: colaboración na avaliación psicopedagóxica e medidas de intervención para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, facilitación de materiais e recursos para a orientación educativa.
- Profesionais externos que atenden ao alumnado do centro: médicos, fisioterapeutas, logopedas,...
- Outros centros educativos

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas de reforzo educativo

- Valoración do alumno/a con n.e.a.e.
- Deseño e seguimento das medidas de intervención
- Adecuación da programación ao nivel de competencia curricular
- Modificación da secuencia dos contidos
- Agrupamentos flexibles
- Actividades variadas e diferenciadas e adaptadas ao alumnado
- Adecuación dos procedementos de avaliación.

Orientacións ás familias

Coordinación con profesionais externos que atenden a alumnos/as do centro.

Profesoras/es especialistas de audición e linguaxe:

- Colaboración na valoración do alumnado con dificultades de aprendizaxe e no deseño e seguimento das medidas de intervención.
- Asesoramento e orientación ó profesorado dos centros no eido da audición e linguaxe: pautas de intervención cara a prevención, estimulación da linguaxe, pautas de actuación na clase, facilitación de materiais, ...

Seguimento e revisión das medidas de R.E.: nas reunións do departamento de orientación, reunións cos titores, sesións de avaliación,...

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas de adaptación curricular significativa para alumnos con necesidades específicas de apoio educativo: Elaboración da adaptación curricular significativa (ACS).

Reunión conxunta do equipo docente para:

- valorar as dificultades do alumno/a nas diferentes áreas e a adecuación das medidas adoptadas ata ese momento (a ACI é unha medida extraordinaria que require a previa posta en marcha de medidas de reforzo educativo).
- determinar as áreas nas que presenta maiores dificultades.
- alcanzar acordos sobre medidas a adoptar e sobre o proceso de avaliación diagnóstica.

Avaliación diagnóstica: responsabilidade do equipo docente do alumno/a e do orientador. Aspectos a avaliar:

- características do alumno/a: antecedentes escolares reseñables; nivel físico e de saúde; condicións persoais de discapacidade ou sobredotación (responsabilidade do orientador); estilo de aprendizaxe e motivación por aprender; nivel de competencia curricular alcanzado polo alumno/a, tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos para o ciclo ou ciclos anterior/es ou posterior/es en cada unha das áreas e recollidos no PE (responsabilidade desta avaliación do profesor-titor/a).
- características do contexto escolar.
- características do contexto sociofamiliar.
- os resultados da avaliación recóllense no *INFORME PSICOPEDAGÓXICO*, que incluírá a determinación das necesidades educativas do alumno.

Reunión: coordinada polo xefa de estudos a que asistirán o titor/a, os mestres que imparten áreas obxecto de adaptación e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos que deberan ser modificados.

Elaborar a adaptación curricular nas áreas acordadas: a responsabilidade do deseño e do desenvolvemento da ACS é do mestre que imparte a área, coa colaboración do departamento didáctico e o asesoramento do responsable da orientación no centro.

Os datos da avaliación diagnóstica e o deseño de cada área reflexaranse nun documento de adaptación curricular.

Solicitud e autorización: o director do centro enviará a proposta de adaptación curricular ó correspondente servizo de inspección.

PLANIFICACIÓN XERAL

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Análise de necesidades en relación coa orientación no ámbito do centro: revisión de documentos (memoria anual, expedientes do alumnado,...), reunións co profesorado e co equipo directivo,...
- Deseño do Plan anual de Orientación e o PAT, así como a programación de actividades e programas específicos neles incluídos (plan de convivencia escolar, ...). Coordinación dos mesmos.
- Colaboración na revisión do PE e das Concrecións Curriculares.
- Colaboración no establecemento das medidas organizativas a nivel centro que permitan unha mellor atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Constitución formal do Departamento de Orientación.
- Atención ás demandas máis urxentes, priorizando aqueles casos que presenten necesidades educativas máis graves.
- Organización da resposta educativa máis axeitada ós alumnos/as avaliados/as: elaboración de medidas de reforzo educativo e adaptación curricular individualizada; agrupamentos.
- Selección de materiais e recursos para o alumnado.
- Revisión de medidas educativas de atención á diversidade: R.E. e ACS
- Colaboración e asesoramento na avaliación inicial.
- Asesoramentos ós titores no desenvolvemento da función tutorial.
- Asesoramento individual e colectivo a pais/nais (entrevistas e colaboración na organización das reunións tutoriais)
- Coordinación de programas e actividades.
- Análise e adquisición de materiais para o Departamento de Orientación.
- Exploración psicopedagóxica do 3º curso do 2º ciclo de Educación Infantil e de 6º curso de Educación Primaria.
- Programa de detección de déficit auditivo e visual aos alumnos e alumnas de 4 e 5 anos.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Seguimento, individual e grupal, do alumnado que recibe medidas de reforzo educativo e ACS, así como daqueles que presenten problemas de regulación condutual e de dificultades de aprendizaxe.
- Avaliación psicopedagóxica de alumnos/as, asesoramento e colaboración no deseño e desenvolvemento de respostas educativas axeitadas as súas necesidades educativas.
- Asesoramento e apoio ós titores no desenvolvemento da acción tutorial e orientadora.
- Participar e asesorar na sesión de avaliación e nas reunións dos equipos docentes.
- Coordinación de programas e actividades.
- Atención individual a pais/nais, alumnos e profesores.
- Exploración psicopedagóxica do 2º e 4º curso de Educación Primaria.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Seguimento de alumnos que reciben medidas de reforzo.
- Continuación de actividades iniciadas nos trimestres anteriores: colaboración e asesoramento ós titores no desenvolvemento das súas funcións tutoriais.
- Coordinación de programas e actividades.
- Reunión cos departamentos de orientación da zona.
- Programa de tránsito da Educación Primaria á Educación Secundaria.
- Elaboración da memoria final.

AVALIACIÓN

Co obxecto de mellorar o plan e ir introducindo as modificacións pertinentes, derivadas da súa posta en marcha, será necesario realizar unha avaliación do mesmo.

Esta avaliación deberá centrarse tanto no deseño do plan como dos diferentes programas que inclúa (adecuación ó contexto e necesidades, calidade técnica, fundamentación teórica,...) coma no seu desenvolvemento (implementación do programa, clima no que se desenvolve, efectos non previstos,...) e nos seus resultados.

A avaliación interna do plan será realizada polo departamento de orientación, contando coas aportacións dos diferentes participantes. Ao remate do curso elaborárase a memoria final do mesmo.

Criterios de avaliación:

- grao de consecución dos obxectivos previstos
- grao de resposta ás necesidades do centro e dos alumnos
- grao en que se levaron a práctica os puntos programados
- grao de aceptación e valoración dos diferentes sectores da comunidade educativa
- nivel de participación dos distintos implicados.

4.3 **EQUIPOS DE CICLO**

Durante este curso, de maneira transitoria, e mentres non se implante a LOMCE na totalidade dos niveis educativos impartidos no centro, manteranse os equipos de ciclo que estarán formados polo profesorado titor de cada nivel correspondente aos ciclos da LOE, máis o profesorado especialista que se adscribe ao mesmo, atendendo a criterios de número de sesións impartidas ao alumnado de referencia.

4.3.1. EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Coordinadora: **María Dolores Pérez Castaño**

Membros:

- ❖ Óscar Romero Almallo
- ❖ M^a Luisa de Simón Rúa
- ❖ Raquel Viña Molinos
- ❖ Encarnación Mayo París

4.3.2. EQUIPO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Coordinadora: Ana Celia López y López de Prado

Membros:

- ❖ Cristina Herrero Mayor
- ❖ Susana González Vázquez
- ❖ María Soledad Nieto Mallo

4.3.3. EQUIPO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Coordinadora: M^a Dolores Creo Mayo

Membros:

- ❖ Gonzalo Brea Romaní
- ❖ Eva Manuela Santiago Hermida
- ❖ Valentín Toba Figueiras

4.3.4. EQUIPO DE 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Coordinadora: María Dolores Vigo Fernández

Membros:

- ❖ M^a Bolivia Ínsua Fernández
- ❖ Mei Camba Castro
- ❖ Domitila Mayo Lestón
- ❖ M^a Carmen Monteagudo Romero

4.4 **COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO.**

Esta comisión está composta, para o curso actual, polas seguintes persoas:

- Gonzalo Brea Romaní (Director)
- María Dolores Pérez Castaño (Xefa de Estudos)
- Óscar Romero Almallo (Xefe do Departamento de Orientación)
- María Dolores Creo Mayo (Mestre de 4º de primaria)

4.5 **CALENDARIO DE REUNIÓN**

Todos os luns lectivos, realizaranse as seguintes reunións, en horario de 17'00 a 18'00 horas:

| DÍA | REUNIÓN |
|---------------------|--------------------------------------|
| 8 de setembro | CICLOS |
| 15 de setembro | REUNIÓN CONXUNTA PROFESORADO |
| 22 de setembro | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |
| 29 de setembro | ACT. EXTRAESCOLARES |
| 6 de outubro | CICLOS |
| 13 de outubro | D. ORIENTACIÓN - CCP |
| 20 de outubro | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 27 de outubro | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |
| 10 de novembro | CICLOS |
| 17 de novembro | D. ORIENTACIÓN - CCP |
| 24 de novembro | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 1 de decembro | ACT. EXTRAESCOLARES |
| 15 e 16 de decembro | SESIÓNS DE AVALIACIÓN |
| 12 de xaneiro | CICLOS |
| 19 de xaneiro | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |
| 26 de xaneiro | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 2 de febreiro | D. ORIENTACIÓN - CCP |
| 9 de febreiro | CICLOS |
| 23 de febreiro | ACT. EXTRAESCOLARES |
| 2 de marzo | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 9 de marzo | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |
| 16 de marzo | D. ORIENTACIÓN - CCP |
| 23 e 24 de marzo | SESIÓNS DE AVALIACIÓN |
| 13 de abril | CICLOS |
| 20 de abril | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |

| | |
|-----------------|--------------------------------------|
| 27 de abril | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 11 de maio | ACT. EXTRAESCOLARES |
| 18 de maio | CICLOS |
| 25 de maio | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |
| 1 de xuño | DINAMIZACIÓN L. – BIBLIOTECA – TIC'S |
| 8 de xuño | ACT. EXTRAESCOLARES |
| 15 e 16 de xuño | SESIÓNS DE AVALIACIÓN |
| 22 de xuño | CICLOS |
| 30 de xuño | CLAUSTRO – C. ESCOLAR |

5. Plans e Proxectos para este curso

5.1 PLAN DE ATENCIÓN EDUCATIVA (ACTIVIDADES ALTERNATIVAS AO ENSINO DA RELIXIÓN)

Como criterio xeral, e segundo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as actividades consistirán no desenvolvemento, por parte do alumnado, baixo a supervisión dun profesor ou profesora, de tarefas prácticas (obradoiros, debates, comentarios de textos, audición ou visión de pezas musicais ou imaxes) en torno a determinados aspectos da vida social e cultural non incluídos na Proxecto Curricular da etapa con carácter xeral.

Na organización dos repertorios de actividades posibles, consideraranse os seguintes criterios:

- Oferta de diversas opcións, de maneira, que ao longo do curso escolar, poidan participar en varias delas.
- Implicar ao alumnado no deseño e organización das actividades.
- Realizarse nun marco de traballo cooperativo.
- Facer públicas as producións xurdidas das actividades, mediante a súa difusión no centro, e incluso, noutros ámbitos do entorno.

As actividades que poderán realizarse no centro son:

- Obradoiro de xardinería ou horto-escolar.
- Obradoiro de xogos informáticos cos programas ardora, jclíc.
- Elaboracións de Power Points.
- Actividades de apoio á biblioteca do centro :fornado e coidado dos libros, reparación/ conservación de libros estropeados.
- Recuperar a tradición de escoitar historias ou narracións diversas, anécdotas , relatos, contos fantásticos...
- Participar como narradores.
- Construción de xogos de mesa (puzzles , tangram, crebacabezas...)
- Obradoiro de Radio Escolar.

5.2 PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN Á LINGUAXE

O programa surge da necesidade de dar resposta ás dificultades que se veñen observando no ámbito comunicativo-lingüístico do alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil, e do primeiro ciclo de Educación Primaria.

Con este programa pretendemos preparar aos nenos e nenas para que eses erros, normais a estas idades, sigan un proceso de recuperación espontánea; e, ademais, facilitar a detección da verdadeira patoloxía.

Así mesmo, perseguimos facer del un instrumento de socialización, é dicir, que sexa un espazo dentro do horario escolar no que aprender e poñer en práctica habilidades sociais e normas de convivencia.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Estimular a linguaxe oral dos alumnos e alumnas.

Obxectivos específicos:

- 1.-Potenciar os procesos cognitivos básicos (percepción, memoria, atención)
- 2.-Optimizar as bases funcionais da linguaxe (respiración, sopro, discriminación auditiva, praxias)
- 3.-Aumentar o vocabulario dentro dunha estrutura morfosintáctica axeitada
- 4.-Favorecer o uso social da linguaxe en distintos contextos e situacións
- 5.-Potenciar un autoconcepto e autoestima axeitados

ACTIVIDADES

Obxectivo 1. Potenciar os procesos cognitivos básicos (percepción, memoria, atención)

- Recoñecer superficies a través do tacto; identificar obxectos polo seu tamaño; identificar obxectos pola cor; percibir o que falta en figuras incompletas; reproducir cancións; rematar palabras ante estímulos visuais e auditivos
- Recordar os elementos dunha serie; recoñecer o obxecto que falta dunha serie de obxectos presentados con anterioridade; executar ordes dadas previamente; repetir secuencias de díxitos
- Identificar similitudes ou diferenzas; atopar erros entre dúas imaxes; atopar detalles en láminas

Obxectivo 2. Optimizar as bases funcionais da linguaxe (respiración, sopro, discriminación auditiva, praxias)

- Realizar exercicios de respiración: inspiración nasal, pausa, espiración oral; inspiración nasal, pausa, espiración bucal forte e curta; inspiración nasal, pausa, espiración bucal forte e longa; inspiración nasal débil e curta, pausa, espiración bucal débil e curta
- Mover muíños de papel; desprazar soprando cachiños de papel de seda, algodóns; facer burbullas de auga cunha palla
- Adiviñar sons que outros interpretan; recoñecer cos ollos pechados a voz dun compañeiro; discriminar e reproducir sons de distintos animais; deterse ante unha sinal acústica convida con anterioridade; agrupar debuxos de acordo co son inicial; identificar a semellanza ou diferenza entre pares de palabras
- Sacar e meter a lingua, mantendo a boca aberta; lingua arriba e abaixo, mantendo a boca aberta; levar a lingua dun lado ao outro, tocando a comisura; coa punta da lingua empuxar unha meixela e outra alternativamente.
- Posición de bico e sorriso cos beizos xuntos; adiante e atrás cos beizos separados ensinando os dentes; imitar a posición labial das vogais; vibración dos beizos.
- Encher as meixelas de aire, manténdoo; levar o aire dunha meixela á outra; encher as meixelas alternativamente

- Imitar grandes bostezos; dicir “ca, ca” varias veces esaxerando a pronunciación; emitir ronquidos; encher as meixelas de aire pronunciando “pa” ao mesmo tempo
- Abrir e pechar a boca lentamente; abrir e pechar a boca rapidamente; mastigar; abrir a boca amodo e pechala rápido; mover a mandíbula inferior dun lado para o outro alternativamente

Obxectivo 3. Aumentar o vocabulario dentro dunha estrutura morfosintáctica axeitada

- Organizar tarxetas por grupos (animais, vestidos, alimentos...)
- Con material dobre repartido ao chou, cada neno describe o obxecto que posúe para conseguilo e formar parella
- Acertar unha palabra pola súa definición
- Contar historias con apoio visual (que pasou antes? que vai pasar despois? que tería pasado se...?)
- Construción de frases a partir da realización progresiva dun debuxo (que é? que fai? como é? onde está?...)
- Xogar a esconder tesouros. Escóndese un obxecto e despois descríbese onde está para que os demais o atopen.

Obxectivo 4. Favorecer o uso social da linguaxe en distintos contextos e situacións

- Uso da voz máis xesto. Por exemplo, por parellas un di “vouche regalar...” e fai o xesto correspondente mentres di o nome do regalo; máis tarde o seu compañeiro tamén lle regalará algo
- Xogo do anano
- O camareiro. Un fai de camareiro e debe servir aos seus compañeiros todo o que pidan
- Camiñar pola aula e cando se cruce con alguén, saudarse, falar sobre calquera tópico e despedirse
- Xogar ás tendas

Obxectivo 5. Potenciar un autoconceito e autoestima axeitados

- Describir cualidades dos compañeiros; cumprir algunha misión nas tarefas; abrazarse co compañeiro e así sucesivamente ata que toda a clase quede nun abrazo; estimular aos nenos para que participen nas distintas actividades; contar contos nos que os protagonistas resolvan situacións da vida cotiá (dormir sen luz, ir de excursión, medos a algúns animais)

RECURSOS MATERIAIS

Para a posta en práctica deste programa serán de utilidade

- boliñas de ping pong, papeis de cores, pallas...
- ARRIAZA MAYAS, J.C. (2006): Cuentos para hablar y aprender. Ed. Cepe. Madrid.
- Contos
- Fichas de elaboración propia
- CD de cancións, sons
- Xoguetes varios
- Lotos fonéticos
- ...

TEMPORALIZACIÓN

O programa implementarase a razón de dúas sesións semanais en cadanseu grupo de Educación Infantil.

METODOLOXÍA

Dada a idade para a que vai dirixido o programa, o xogo coma estratexia metodolóxica resulta fundamental e imprescindible. Plantéxanse, a continuación, outras estratexias a ter en conta na implementación do programa:

- Crear un clima de distensión, confianza e respecto no que levar a cabo as sesións.
- Ter presente o nivel evolutivo dos nenos e nenas
- Adaptar o nivel de esixencia ás posibilidades do alumnado, tanto en dificultade da tarefa como no tempo para a súa execución
- Utilizar distintas canles sensoriais
- Plantexar as actividades nun orden crecente de dificultade
- Proporcionar instrucións verbais claras e concisas, e comprobar que foron entendidas as consignas antes de empezar a tarefa
- Estimular a espontaneidade
- Manter a motivación dos alumnos e alumnas

AVALIACIÓN

A avaliación forma parte indisoluble do proceso educativo. Nese sentido, o programa proposto deberá ser convenientemente avaliado co fin de ofrecer en cada momento a resposta que máis se adecúe ás necesidades dos alumnos, ao tempo que permita analizar os resultados obtidos, a partir dos cales artellar as consecuentes propostas de mellora. Cómpre pois unha avaliación inicial, continua e final.

5.3 **PROXECTO “MELLORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR”**

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2014-2015.

Neste documento detállanse as liñas prioritarias de actuación que se pretenden levar a cabo na biblioteca do centro en canto organización e xestión, promoción dos recursos da biblioteca, formación de usuarios, fomento da lectura,...

1.- En relación á organización e a xestión establecemos os seguintes obxectivos:

-Seguir tratando de compatibilizar o horario dos membros integrados no equipo de biblioteca, de maneira que nas horas de atención á mesma polo menos dúas persoas traballen conxuntamente.

-Continuar coordinándose cos responsables de outros equipos ou plans (TICs, Extraescolares, Dinamización Lingüística,...) para unir esforzos e implicarse en actividades conxuntas.

-Implicar ao equipo de Tics na biblioteca para colaborar na elaboración de vídeos, crear material audiovisual, potenciar o uso dos lectores electrónicos...

-Realizar un compromiso e unha guía para o bo uso dos ebooks.

-Fixar a inicio de curso un calendario de reunións e temporizar os obxectivos e actividades.

-Confeccionar un horario no que se recollan as horas de atención á biblioteca dos membros do equipo e os tempos adxudicados a cada aula durante o horario lectivo.

-Continuar coa apertura da biblioteca escolar e co servizo de préstamo durante recreos e polas tardes.

-Proseguir coa actualización dos fondos da biblioteca e coa organización dos existentes.

-Seguir ampliando os fondos da biblioteca en función do proxecto anual e incrementar a bibliografía científica.

-Adquirir fondos para o préstamo familiar.

-Formar ao alumnado interesado de 6º para que poidan exercer a labor de axudantes de biblioteca.

- Seguir confeccionando os carnés das familias.
- Elaborar carnés para as mochilas viaxeiras.

2.- Con respecto á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado, pretendemos o que segue:

- Elaborar listaxes de materiais útiles para o desenvolvemento dos proxectos ou actividades que se levan a cabo no centro.

- Facer exposicións de fondos documentais arredor dun determinado centro de interese (proxecto anual, conmemoracións, visitas de autores...)

- Promover lecturas de tipo divulgativo e de entretemento (non só ficción) nas distintas áreas do currículo (biografía, temas científicos, noticias destacadas...). As distintas conmemoracións, eventos, proxectos,... que se celebran conxuntamente no centro (Paz, día da Muller, xogos populares,...) son unha excelente oportunidade para facelo.

- Confeccionar guías para as familias recomendando libros, CDs, DVDs, páxinas web e actos culturais que se ofertan no entorno.

- Empregar o blog da biblioteca para informar da adquisición de novidades, difundir os fondos cos que conta a biblioteca e dar a coñecer os eventos e actividades que teñen lugar nela.

- Promover as recomendacións de libros entre o alumnado: a través de vídeos, carteis, exposicións orais,..

- Organizar un proxecto anual no que se implique todo o profesorado e no que a biblioteca resulte unha fonte esencial de información e recursos para o desenvolvemento do mesmo. Neste curso escolar 2014-2015 terá continuidade o proxecto iniciado neste curso escolar “ un paseo pola historia ”

- Promover a realización de pequenos proxectos de investigación nas aulas nos que resulte imprescindible o uso da biblioteca.

- Promover actividades lúdicas desde a propia biblioteca que susciten a necesidade de empregar a mesma como fonte de información: Rebusco literario, pista a pista,...

- Seguir contando coa colaboración e axuda da dirección do centro e da comisión do consello escolar.

3.- En canto á formación de usuarios e educación para o acceso á información, a nosa intención é promover iniciativas para dar a coñecer o espazo e recursos bibliotecarios existentes e para que os usuarios acaden autonomía ante calquera demanda informativa. As nosas actuacións estarán encamiñadas a:

- Coñecer as normas de funcionamento da BE e os servizos que presta.

- Diferenciar espazos e seccións. Comprender a necesidade dunha organización do material e descubrir a utilidade de carteis e rótulos.

- Coñecer o sistema de clasificación: cores, xéneros, coleccións,...

- Diferenciar as partes dun libro e saber como vén organizada a información.

- Identificar as ferramentas de axuda nos libros documentais (índices, sumarios, glosario,...)

- Coñecer as principais obras de referencia básicas (dicionarios, enciclopedias e atlas) e as súas peculiaridades.

- Desenvolver destrezas básicas de búsqueda: orde alfabética, interpretación de abreviaturas e lendas, toma de notas, ...

- Incrementar a formación de usuarios mediante a realización de fichas individuais, xogos e concursos tendo en conta a idade e coñecementos adquiridos.

- Formar ao novo profesorado que se incorpore ao centro se fose preciso (ensinar a manexar o programa meiga, proceso de catalogación, préstamos, normas da biblioteca,...)

4.- Para o fomento da lectura pretendemos:

- Continuar co programa das mochilas viaxeiras.

- Convocar as “VII Xornadas Pasámolo de medo” durante a festa do Samaín e a “VII Maratón de Lectura” coincidindo coa celebración do Día do Libro.

- Elaborar actos conxuntos no día da Poesía e das Letras Galegas.
- Confeccionar guías de lecturas para regalar en Nadal e para ler durante as vacacións.
- Renovar os recantos de lectura nos corredores do colexio que poderán ser empregados nos recreos, hora de ler, cando se rematen as tarefas propostas na aula,...
- Crear un recanto de lectura no exterior para empregar nos recreos soleados.
- Celebrar sesións de contacontos e encontros con algún autor.
- Poñer en práctica o programa de apadriñamentos lectores.
- Propoñer a realización dun novo club de lectura.
- Promover a realización de contacontos entre alumnos
- Seguir co proxecto do “libro viaxeiro”, elaborado polas familias, en Educación Infantil.
- Cooperar na revisión e na posta en práctica do Proxecto Lector do centro.

5.- Outras actuacións:

O equipo da BE procurará manter informadas ás familias, ás escolas e asociacións culturais do entorno, á ANPA e ó concello (Axencia de lectura) das actividades previstas mediante cartas da mascota e a través da comisión do Consello Escolar. No centro, mediante carteis, na web da escola e o blog da biblioteca, daranse a coñecer convocatorias de premios, concursos e proxectos; nos taboleiros exhibiranse noticias e artigos de prensa relacionados coa educación ou a escola; darase conta de novidades editoriais e recomendaranse programas da televisión que nos parezan interesantes e axeitados,... Un ano máis colaborarase tamén coa ANPA na convocatoria do certame de contos “Mestre Agrelo”, dándolle difusión ás bases do mesmo, animando ao alumnado a participar, formando parte do xurado,...

6.- A avaliación da situación de partida contemplarase na primeira reunión. Nas trimestrais estudarase o grao de cumprimento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, revisarase o proxecto e modificarase se procede.

Os procedementos, indicadores e instrumentos para a avaliación serán varios:

-A participación do alumnado nas iniciativas propostas e a súa progresión observada mediante as fichas, actividades e traballos realizados.

-A implicación das familias nas actividades e a súas opinións a través do caderno viaxeiro e dos comentarios no blog.

-Enquisas ao profesorado. Tamén se recabará o seu parecer e valoración a través das reunións de ciclo, claustros,...

-Enquisas ao alumnado e recollida de información a través de diálogos cos mesmos sobre as propostas que se realizan desde a biblioteca.

-Enquisas ás familias sobre as iniciativas que se están promovendo.

-Consulta dos índices de lectura, realización de probas obxectivables nas aulas (cronolecturas, probas de lecto-escritura,...)

7.- Ao cambiar de centro escolar, por concurso de traslados, a actual responsable de biblioteca, a nova persoa designada como dinamizadora da Biblioteca será Raquel Viña Molinos. Contará con un equipo de apoio formado por mestras de todos os ciclos. O horario de atención á biblioteca dos mesmos dependerá das organización dos horarios de clase que se realice. En todo caso a mestra responsable contará con dúas horas semanais exclusivas de dedicación á biblioteca e o resto dos membros do equipo dedicará, como mínimo, unha hora semanal á mesma. Procurarase que esas horas sexan compartidas con outro compañeiro do equipo.

5.4 **PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE TARDE**

- O horario xeral das actividades de tarde será de **16'30** ás **18'30**.
- **Alumnado:**
 - Alumnado que **remate** unha actividade ás 17'30, ao remate da mesma, irá á Biblioteca ou Ludoteca, ata ás 18'30.
 - O alumnado que dispoña de **autorización** para ausentarse do centro ás 17'30 (ver listado na carpeta), o poderá facer **sempre co coñecemento e permiso** dos mestres de garda. **En ningún caso**, un alumno ou alumna marchará do centro sen pasar antes pola Biblioteca.
 - Calquera **familiar que veña recoller** a un alumno ou alumna **que non teña autorización**, deberá **asinar no modelo axunto** ao final da carpeta, antes de ausentarse do centro.
 - Ao **alumnado de Infantil**, non se permitirá ausentarse do centro sen que o veña a recoller un familiar, aínda que teña asinada a autorización, por motivos de seguridade.
 - O alumnado que **comece** unha actividade ás 17'30, virá ao centro a esa hora. Se quere vir antes, terá que ser ás 16'30 para estar na Biblioteca ou Ludoteca.
 - **Non se permitirá** entrar a alumnado ao centro fóra dos horarios establecidos: 16'30 ou 17'30.
- **Normas Xerais:**
 - Os **monitores ou monitoras** de cada actividade serán os **encargados** de levar e traer ao alumnado desde a Biblioteca ou Ludoteca.
 - Durante o desenvolvemento das actividades **non se pode acceder á ningunha aula**, por parte de alumnado ou familiares. Así mesmo, o profesorado non entregará ningún material esquecido na aula polo alumnado.
 - Non se permitirá o uso de **bicicletas**, monopatíns, etc, e a presenza de persoas alleas ao centro, **dentro do recinto**, durante as horas de actividades.
- **Actividades a realizar neste curso:**
 - Polo centro:**
 - Biblioteca- Ludoteca
 - Pola ANPA:**
 - Zumba
 - Mecanografía
 - Área de Idiomas
 - Kárate – Taekwondo
 - Piscina
 - Polo Concello:**
 - Informática
 - Teatro
 - Pintura
 - Manualidades

- **Quendas do profesorado para atención do alumnado de tarde:**

O profesorado distribúese en tres grupos de seis persoas. Cada grupo terá destinado un día semanal (mércores, xoves ou venres) para a súa garda de tarde.

| MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------------------------|----------------------------------|---------------------------------------|
| Susana González Vázquez | Óscar Romero Almallo | Gonzalo Brea Romaní |
| Carmen Monteagudo Romero | María Soledad Nieto Mallo | Ana Celia López y López |
| Valentín Toba Figueiras | Eva M. Santiago Hermida | Encarnación Mayo París |
| M ^a Mercedes Camba Castro | María Luisa De Simón Rúa | M ^a Dolores Vigo Fernández |
| M ^a Dolores Pérez Castaño | Bolivia Insua Fernández | Cristina Herrero Mayor |
| Domitila Mayo Lestón | M ^a Dolores Creo Mayo | Raquel Viña Molinos |

As gardas faranse en parellas, estando, preferentemente, unha persoa na Biblioteca e a outra na Ludoteca, atendendo ao alumnado que asiste a ditas actividades.

5.6. **PLAN XERAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

INTRODUCCIÓN

Como nos últimos cursos, neste centro, este equipo está constituído pola plantilla ao completo do profesorado do centro e continúa sendo a coordinadora do equipo Eva Manuela Santiago Hermida, que xa ocupou este posto os pasados cursos.

Moitas das actividades complementarias que se pretende coordinar, son organizadas a partir de propostas xurdidas doutros equipos docentes do centro e é a función deste equipo unificar e organizar as variadas actuacións que sexan propostas, dándolles un enfoque común e tentar facelas o máis viables posible para o conxunto da comunidade educativa.

Serán as conmemoracións fixadas no calendario escolar un eixo en torno do que xiren moitas das actividades a realizar no presente curso e, por outra banda téntase dar continuidade a aquelas outras, iniciadas en cursos anteriores e que se considera poden aportar resultados positivos e aproveitables en diferentes aspectos da formación dos nosos alumnos e alumnas.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

No presente programa quedan **integradas as propostas de mellora** que se incluíron na memoria do curso anterior, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Os proxectos de centro abrangerán o curso académico e na medida do posible relacionaranse cos de cursos académicos sucesivos.
- A nivel organizativo tentarase informar aos familiares cando vaian asistir ao colexio a algunha xornadas da necesidade dunhas normas que nos implican a todos: profesores, alumnos, familias,...
- Realizaranse a nivel de conxunto do centro algunhas das actividades, aínda que botamos en falta algúns apoios: administrativos, materiais, organizativos.... As actividades en conxunto durante este curso non se levarán a cabo no salón de actos debido a que se atopa en deplorables condicións sendo perigoso para a integridade persoal do alumnado.
- Organizar as actividades en torno do proxecto de centro que ten a intención de percorrer as distintas épocas da historia en cursos sucesivos. O curso pasado iniciamos coa Prehistoria e este que comenza trataremos a Idade Antiga.
- Propoñer a ANPA que adiante tamén este curso a convocatoria do concurso de contos Mestre Agrelo.

– Dosificar participacións, pois ás veces sentímonos presionados pola multitude de ofertas que, si ben son apetecibles, están concentradas no tempo; concretamente no mes de maio, coa conmemoración das Letras Galegas. É intención comunicar ao concello a posibilidade de espallamento temporal.

OBXECTIVOS

- Implicar activamente aos diferentes sectores educativos nas diversas actividades propostas.
- Relacionar as actividades complementarias propostas co traballo que se esté a realizar en cada unha das áreas curriculares nas distintas aulas do centro, e mesmo coa actividade cotiá no noso entorno.
- Fomentar a cultura tradicional propia de Galicia e do contorno no que vivimos.
- Potenciar o traballo en grupo.
- Propiciar os valores de colaboración e solidariedade.
- Promocionar con canles diversas a creatividade.
- Empregar ferramentas e recursos atractivos e variados nas distintas realizacións.
- Crear material didáctico para os distintos niveis en formato dixital, soporte papel e expositivo.
- Recadar información a partir de diversas fontes, empregándoa para construír coñecemento.
- Difundir no contorno as actividades realizadas, empregando os diferentes blogs e páxina web do centro.
- Fomentar os valores democráticos.
- Aproveitar a vertente lúdica das actividades para motivar ao alumnado.

SECUENCIACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias previstas para este curso académico son as que se relacionan máis abaixo xunto coa proposta inicial de organización.

En reunión conxunta do profesorado foron consensuadas as propostas iniciais dos diferentes ciclos e equipos, que previamente abordaron este tema en reunións propias. Trátase así de acadar unha coordinación inicial e ter presentes os obxectivos destas actuacións para evitar improvisacións e organizar os períodos académicos o máis eficientemente posible. Preténdese deste xeito seguir as directrices marcadas pola comisión de coordinación pedagóxica deste centro.

1º trimestre

- Xornadas “Pasámolo de medo”, Empezará con contos e lecturas durante os recreos da semana do 27 ao 30 de outubro que se celebrará o acto de clausura.
- O día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro) tratarase a nivel de aula.
- Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro): por nivel ou grupo de alumnos abordarase este tema.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía, realizarase a nivel individual en cada aula ou nivel do 1 ao 11 de decembro.
- Nadal: participación no mercadiño solidario (como se ven facendo en anos anteriores).

2º trimestre

- Día da Paz (30 de xaneiro): Traballarase a nivel de aula.
 - Entroido (segunda semana de febreiro): semana de consignas e disfraz libre o último día. Na medida do posible os disfraces versarán sobre algún aspecto relacionado co proxecto de centro “Un paseo pola historia: A idade antiga”
 - Día da muller traballadora (8 de marzo): cada nivel organizará actividades referentes a esta conmemoración.
 - Día do consumidor: Tratarase en cada aula, nivel ou ciclo o 15 de marzo.
 - Semana da prensa (Do 9 ao 13 de marzo): Prevese unha organización en aula, nivel ou ciclo na que se traballará tendo como base a prensa na aula.
 - Concurso de contos mestre Agrelo: potenciarase a participación do alumnado.
 - Día da Poesía (21 de marzo): Adicaranse varias sesións de lectura a este estilo literario. A Biblioteca Escolar aportará recursos, así como os propios alumnos e as súas familias. Como colofón tentará organizarse algún acto conxunto se é posible.
- Xornadas de xogos tradicionais. Realizaranse distintas saídas a outros centros onde o alumnado participará nestas actividades.

3º trimestre

- Día do libro: Entre o 13 e o 30 de abril, a nivel de centro e en horario extraescolar celébrase a maratón de lectura segundo figura no Plan Lector e como vén sendo habitual nos últimos cursos, esta actividade será promovida polo equipo da Biblioteca escolar e nela agárdase que participen os escolares do centro, profesorado, antigos alumnos e familiares e veciños.
- Letras Galegas (Do 7 ao 17 de maio): participará todo o centro segundo as propostas que xurdan dos diferentes equipos ou doutros organismos do entorno. Pecharase a semana coa lectura de contos gañadores do certame “Mestre Agrelo” e farase entrega dos premios.
- Día da saúde (7 de abril): Darase importancia aos hábitos que favorecen a nosa saúde en cada curso, a través de diferentes vías.
- Día de Europa (9 de maio); tratarase en cada un dos grupos aspectos en torno a esta temática.
- Día do Ambiente (5 de xuño). Esta conmemorarase a nivel de aula ou ciclo.
- Saídas Fin de curso: organizaranse por parte dos diferentes ciclos cara a final de curso.
- Despedida do curso académico.

Ao longo de todo o curso:

- Continuación do proxecto de centro “UN PASEO POLA HISTORIA”; para o presente curso escolar 2014-2015 tendo como eixo: A IDADE ANTIGA. Destacar que será baixo este enfoque que se tratarán cada unha das actividades aquí propostas e se realizarán postas en común e exposicións dos diferentes puntos de vista.

- ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA: Baúles, mochilas e bolsas viaxeiras, préstamos da biblioteca, contacontos, encontros con autores,.....

- Posibilidade de saídas didácticas en cada un dos ciclos. Realizaranse en momento a determinar, polo que non se reflicte a súa temporalización no cronograma adxunto.

| | SET | OUT | NOV | DEC | XAN | FEB | MAR | ABR | MAI | XUÑ |
|--------------------------------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| Xornadas “Pasámolo de Medo” | | | | | | | | | | |
| Día Contra Violencia | | | | | | | | | | |
| Día dos Dereitos Humanos | | | | | | | | | | |
| Constitución e Estatuto de Autonomía | | | | | | | | | | |
| Nadal | | | | | | | | | | |
| Día da Paz | | | | | | | | | | |
| Entroido | | | | | | | | | | |
| Día da Muller traballadora | | | | | | | | | | |
| Día do consumidor | | | | | | | | | | |
| Semana da prensa | | | | | | | | | | |
| Concurso Mestre Agrelo | | | | | | | | | | |
| Día da Poesía | | | | | | | | | | |
| Día do Libro | | | | | | | | | | |
| Letras Galegas | | | | | | | | | | |
| Xornadas Xogos Tradicionais | | | | | | | | | | |
| Día Mundial da Saúde | | | | | | | | | | |
| Día de Europa | | | | | | | | | | |
| Día Mundial do Ambiente | | | | | | | | | | |
| Saídas Fin de curso | | | | | | | | | | |
| Xornada de despedida | | | | | | | | | | |
| Proxecto de Centro | | | | | | | | | | |
| Fomento da lectura | | | | | | | | | | |

| | |
|--|----------------------|
| | Conxunto de Centro |
| | Aula, nivel ou ciclo |

RECURSOS

Cada actividade emprega recursos concretos e puntuais, moitos deles compartidos con outras. Trátase de incluír aquí aqueles que poidan ser os máis comúns, concretaranse detalladamente durante a organización de cada actividade.

Recursos Humanos e institucionais

- Alumnado, como colaborador e destinatario final das actividades que se realizan.
- Profesorado do centro: organizado en gran ou pequeno grupo segundo o requira a actividade que se propoña realizar.
- Familias e ANPA: como organizadores, participantes, animadores,... en función da actividade.
- Persoal laboral do centro- Conserxe: colaborando nas diferentes organizacións de actividades, segundo se recolle entre as súas funcións.
- Concello: promotor, organizador e colaborador nalgunhas das actividades que se prevé realizar.
- Outras entidades: promotores de concursos e certames variados.

Recursos organizativos

- Equipos de ciclo
- Equipo de Dinamización Lingüística.
- Equipo de Biblioteca Escolar
- Equipo TICS
- ANPA
- Concello
- Outras entidades

Recursos materiais

- Material funxible proporcionado polo centro e/ou alumnado: papel, cartulinas, cola,.....
- Transporte en certas actividades
- Biblioteca escolar
- Equipos informáticos do centro.
- Materiais propios de cada actividade aportados polas familias: cabazas, velas, libros propios, xoguetes tradicionais,....
- Dependencias da Casa da Cultura do Concello de Muros.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Trimestralmente exporase no taboleiro da sala de profesores un organigrama das actividades previstas, no que cada equipo do centro poida incluír as súas propostas. Así mesmo este gráfico servirá de consulta para todo o profesorado co fin de ter o máis presentes posibles as datas propostas e tratar de relacionar a actividade concreta cos diversos centros de interese que se estén manexando nas aulas.

En datas próximas á realización dunha actividade, reunirase o equipo de actividades complementarias e extraescolares para concretar cada unha das propostas e organizar do mellor xeito posible a actividade común. A coordinadora levantará acta destas reunións.

Posteriormente á realización da actividade farase unha valoración de cada unha delas tanto en participación como en aproveitamento e incluíranse propostas de mellora para ocasións e/ou cursos posteriores.

Cabe ter en conta uns indicadores en cada unha das actividades, que a nivel xeral, responderán ao seguinte esquema común:

- Propostas axeitadas
- Índice de participación
- Adecuación do momento da actividade
- Organización
- Dificultades atopadas
- Proposta de mellora

A final de curso elaborárase unha memoria deste equipo que recolla os datos obtidos e plantexa as dificultades atopadas e as propostas para solventalas.

5.7. PLAN DE FOMENTO DA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

No noso colexio, o galego é a lingua utilizada habitualmente para a comunicación tanto oral como escrita, entre o profesorado, o alumnado e na maioría dos escritos oficiais que saen do centro.

O Equipo de Dinamización Lingüística do noso centro, ten unha labor destacada no mesmo, aplicando esforzos para a consecución de obxectivos como:

- Valorar positivamente a riqueza lingüística e cultural. Dar a coñecer a variedade estándar da lingua galega sen esquecer os trazos propios da zona dialectal.
- Mostrar a diversidade de usos sociais do idioma en ámbitos diferentes (cine, mundo deportivo e cultural...)
- Acadar unha maior competencia lingüística oral, principalmente, e escrita do alumnado. Incrementar o léxico ademais do vocabulario específico das distintas áreas (fundamentalmente en Coñecemento do Medio).
- Espertar o gusto e a curiosidade polos contos populares. Contar e escoitar contos, fomentando o emprego natural do galego entre os máis pequenos.
- Transcribir correctamente relatos, ditos, refráns, etc de tradición oral.
- Coñecer e transmitir crenzas e tradicións autóctonas (lendas, festas, xogos e xoguetes, cancións...)
- Poñer a disposición do profesorado materiais (listaxes de lecturas, guías, manuais...) necesarios para desenvolveren as nosas propostas e as súas propias.
- Colaborar con outros proxectos e actividades do centro e do concello (Plan Lector, Mostra de Teatro, Mes das Letras...)
- Elaborar presentacións multimedia e colgalas no blog do centro.

5.8. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O noso centro dispón de servizo de transporte escolar autorizado e xestionado pola Consellería de Educación. A compañía que o leva é “CASTROMIL” e existen vixiantes de autobús. Ofértanse tres itinerarios (combinado co IES “As Insuas” de Muros):

- MAIO - XANTOQUE
 - Cun total de 46 alumnos/as
- IGREXA – SILVOSA
 - Cun total de 11 alumnos/as
- XANTOQUE – VISTABÓS
 - Cun total de 42 alumnos/as

Cada mes de xuño, realízase un estudo das necesidades de novas paradas, para unha posible solicitude ante a Consellería.

Tamén existen no centro follas de reclamación por se houberen deficiencias no servizo.

5.9. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do alumnado estará baseada na lexislación vixente. Será continua, con carácter formativo e estará integrada no proceso educativo. Todas as actividades avaliativas destinaranse a detectar os progresos ou dificultades do alumnado durante este proceso.

Realizaranse, ao longo do curso, tres tipos de avaliación:

- Inicial
- Progresiva
- Final

Á espera de instrucións relativas ás avaliacións externas que se realizarán no 3º nivel de primaria, segundo a LOMCE, e ás indicacións ao respecto da Avaliación de Diagnóstico, todas estas actividades de avaliación serán levadas a cabo polo equipo pedagóxico de cada grupo, tanto de Infantil como de Primaria, e serán coordinadas sempre polo profesor/ titor/a.

As familias serán informadas do proceso de avaliación dos seus fillos, a través dos boletíns de notas que serán entregados en tres momentos do curso, coincidindo coa revisión trimestral. Neste curso, as notas entregaranse, segundo as directrices da CCP:

- Na última semana de decembro (antes das vacacións de Nadal)
- Na última semana de marzo (antes das vacacións de Semana Santa)
- Na última semana de xuño (antes de rematar o curso)

Independentemente da entrega dos boletíns, as familias serán informadas puntualmente de calquera incidencia que requira atención especial, no progreso evolutivo do alumnado, así como das posibles medidas correctoras.

Ao final de cada ciclo, tomaranse as decisións sobre a promoción do alumnado, segundo os criterios establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e sempre de acordo coa lexislación vixente. No caso de que un alumno/a non cumpra cos criterios de promoción, poderá permanecer un curso máis no ciclo. Esta medida sempre irá acompañada dun plan específico de reforzo educativo para alumnado repetidor, en base as características individuais e a atención a diversidade.

Dentro da avaliación do propio profesorado, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos propostos nas programacións didácticas.
- A distribución, adecuación e secuenciación dos contidos.
- A utilización dos recursos existentes, intentando sacarlle o maior partido.
- A realización de agrupamentos axeitados, segundo as necesidades das actividades a levar a cabo.
- A creación de ambiente e clima axeitado de cooperación entre o alumnado e o profesorado.
- A coordinación entre o profesorado, como fonte básica de experiencias e coherencia.
- A unificación de criterios na resolución de conflitos.

A propia PXA poderá ser avaliada e revisada en calquera momento do curso, a petición de mestres ou de membros dos órganos de goberno do centro. Calquera modificación ou aclaración será redactada na correspondente memoria de final de curso, e terase en conta para a elaboración da Programación Xeral do curso seguinte.

5.10. **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR**

SEGUE VIXENTE O PLAN DO CURSO ANTERIOR.

5.11. **PROXECTO PLURIANUAL. UN PASEO POLA HISTORIA.**

1.- PROPOSTA E XUSTIFICACIÓN

Aprobouse no claustro celebrado ao principio do pasado curso 2013-14 levar a cabo, durante varios anos, un proxecto de estudo e traballo sobre o devalar histórico da vida na terra. Cremos que é pertinente esta proposta dado que, polo xeral, os temas sobre historia aparecen sempre entre os derradeiros da área de Coñecemento do Medio, os contidos e a información son escasos en relación á curiosidade que mostran os alumnos e ante calquer acontecemento que xorde, mediático ou non (descubrimentos, excavacións, aparición de fósiles, mesmo guerras e conflitos, fontes de enerxías, tradicións...), polo que preguntan ou se interesan o profesorado temos, moitas veces, un “problema”

para contextualizar o asunto e analizar a súa casuística ou consecuencias; o alumnado non ten claro de que época ou movemento histórico estamos a falar nin son quen de ver a relación entre aconteceres de distintas épocas. En definitiva, cremos que é realmente imprescindible que os nosos rapaces teñan claramente definido un eixe temporal que lles axude a contextualizar os acontecementos e a integrar cronoloxicamente os seus coñecementos actuais e futuros.

Polos motivos expostos e polos obxectivos que nos marcamos, e tendo en conta a amplitude e fondura do tema a tratar, decidimos realizalo ao longo de varios anos. Este curso estará adicado á Idade Antiga.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

- Espertar a curiosidade e o interese por coñecer os feitos históricos máis salientables.
- Respectar e valorar culturas distintas á nosa propia. Comparar, con actitude crítica e positiva, as semellanzas e diferenzas entre elas.
- Identificar as grandes etapas da Historia e Prehistoria e as súas fontes.
- Elaborar un eixo cronolóxico que recolla a duración e os fitos máis relevantes da etapa obxecto de estudo: formas de vida, organización social, aspectos culturais (tradicións, construcións, alimentación, manifestacións artísticas...), descubrimentos, inventos, etc.
- Relacionar secuencialmente feitos de distintas etapas históricas: a súa casuística e consecuencia, ver a interrelación entre aconteceres ao longo do tempo.
- Axudar a entender que o progreso acadado polas distintas civilizacións non se desenvolveu de xeito igual nin simultaneamente en todo o mundo, é dicir, debemos procurar que o noso alumnado teña unha percepción histórica sincrónica ademais de diacrónica.
- Coñecer a orixe do ser humano, a súa evolución e o impacto deste sobre a vida e o estado do planeta.
- Adquirir e ampliar o vocabulario do alumnado, poñendo especial coidado na terminoloxía específica: era, período, evolución, progreso, rupestre, megalítica, etc. Debemos ser rigurosos se queremos que a integren no seu léxico e a usen correctamente.

PROCEDEMENTOS

En todas as aulas estudarán uns contidos xerais, adaptados á idade dos nenos, acordados polo profesorado; logo, por ciclos e/ou aulas se traballarán polo miúdo determinados aspectos do ciclo histórico en cuestión. Os traballos elaborados nas aulas expóranse ou proxectaranse nos corredores de maneira que poidan ser aproveitados polas outras clases. Os equipos coordinarán o labor a desenvolver e o profesorado especialista colaborará na súa área. As actuacións que dependen do Equipo da Biblioteca Escolar e de Dinamización Lingüística, sobre todo aquelas relacionadas co fomento da lectura e cos fondos bibliográficos e materiais disponibles no centro, procurarán xirar arredor da etapa que se está a estudar.

Respeto á metodoloxía a empregar nas aulas propoñemos o seguinte método: en papel continuo e baixo o título, neste caso a Idade Antiga, escribimos catro encabezamentos (apartados) en letras grandes:

Que sabemos? Que queremos saber? Onde buscamos a información? Que aprendemos?

Debaixo de cada epígrafe iremos anotando, introducidos por un guión ou punto, as respostas dos alumnos formuladas de forma breve e clara, mesmo aquelas que sexan erróneas (no primeiro apartado exclusivamente)). Esta fórmula ten a vantaxe, entre outras, de recoller as ideas previas e os intereses dos nosos alumnos, de focalizar a atención, de recordo permanente e reforzo dos contidos, de evitar a dispersión de ideas, de ter que anotar a información pertinente de maneira clara e concisa, ao tempo que ven o seu propio progreso na adquisición de coñecementos (último apartado).

5.12 PLAN DE RECUPERACIÓN DOS XOGOS TRADICIONAIS

Introdución e xustificación

O CEIP PLURILINGÜE “Ricardo Tobío” leva bastantes anos incorporando os xogos tradicionais ao campo educativo, tanto na programación e desenrolo das clases de Educación Física, como nos plans de actividades complementarias.

Xa fai ben anos, viñamos observando como estes xogos deixaban de practicarse no patio escolar. Tampouco se xogaban fóra deste ámbito, salvo en contadas localidades. Considerando que este panorama levaba a un empobrecemento lúdico e cultural dos nosos alumnos, no ano 1996, dende o Departamento de Educación Física, tomamos a iniciativa de presentar un programa de actividades para a recuperación dos nosos xogos populares e tradicionais. Logo de realizar actividades varias durante o curso (Recollida de información, elaboración e exposición de debuxos e traballos manuais...) e de practicar este tipo de xogos nas clases de E. Física, ao final do mesmo, en xuño, levamos a cabo a primeira “xornada-concurso de xogos populares e tradicionais”. Desprazarse sobre unhas trécolas (zancos), facer bailar un trompo, guiar un aro, etc. foi toda unha divertida novidade para a maioría dos nenos e nenas.

Durante cinco anos continuamos esta labor de recuperación a nivel interno, soamente cos alumnos do noso Centro. A partires de 2001 ampliamos o campo de acción, conectamos con outros colexios da comarca e organizamos conxuntamente as “Xornadas Escolares de Xogos Tradicionais”. Algúns colexios participaron nos primeiros anos e logo deixaron, outros incorporáronse nestes últimos anos. Tan só dous colexios levamos participado en todas as edicións, o de CEIP “Emilio Navasqués” e o CEIP PLURILINGÜE “Ricardo Tobío”. Este presente curso imos celebrar a décimocuarta edición, coa participación de cinco colexios. Coma sempre, farase unha xornada para cada ciclo. No noso centro participaremos nas xornadas correspondentes para os diversos ciclos, que se levarán a cabo neste e noutros centros.

Pero ademais, o CEIP PLURILINGÜE “Ricardo Tobío” ven desenvolvendo e participando noutras actividades de recuperación dos xogos tradicionais: O Día do Trompo, Os Encontros Escolares de Xogos Tradicionais, elaboración de traballos e exposición dos mesmos e de xoguetes tradicionais, etc.

Ao longo deste curso darémoslle un novo impulso a esta labor de recuperación, continuando e ampliando actividades anteriores e tomando novas iniciativas.

Obxectivos

- Mellorar as relacións de convivencia a través de xogos tradicionais que fomenten a integración e cooperación entre nenos e nenas.
- Ampliar a oferta de xogos para o tempo de lecer e así poder satisfacer os diferentes gustos lúdicos dos nenos e nenas.
- Rendabilizar ao máximo o espazo do patio e o material de xogos do colexio.
- Fomentar a creatividade na elaboración de enredos e material de xogos tradicionais.
- Recuperar os xogos tradicionais como parte do noso patrimonio lúdico-cultural.

Plan de actividades

- Elaboración dun plan de distribución do patio de recreo, co fin de habilitar espazos nos que se poidan practicar as diversas preferencias lúdicas. Deberanse remodelar algunhas zonas xa establecidas para xogos tradicionais e crear outras novas.

- Organización dun sistema permanente de préstamos do material de xogos do que dispón o centro – xa se viña facendo temporalmente – para que os alumnos poidan utilizalo durante os recreos. Serán os propios alumnos os encargados de controlar os préstamos, colaborando e asumindo responsabilidade no coidado do material.
- Participación de todo o alumnado do centro nas “XIV XORNADAS ESCOLARES DE XOGOS TRADICIONAIS”. Nestas xornadas, unha por ciclo, participaremos cinco colexios da comarca.
- Participación no “IX ENCONTRO ESCOLAR DE XOGOS TRADICIONAIS”. Este encontro esta pendente de que a entidade Brinquedia decida levalo a cabo.
- Farase un traballo de investigación sobre os xogos tradicionais que máis se practicaban nas localidades correspondentes ao alumnado deste colexio, contando coa colaboración de toda a comunidade educativa.
- Fabricación de enredos, xoguets e material de xogos tradicionais por parte dos nenos e nenas. Ademais do tempo que lle dediquen na aula, nesta labor contaremos coa axuda e a experiencia de pais e avós.
- Realización doutro tipo de traballos artísticos que fagan referencia a estes xogos: debuxos, traballos en plastilina, barro, etc.
- Exposición dos enredos, xoguets e traballos realizados.
- Elaboración dunha unidade didáctica na que se dispoñan actividades correspondentes ás diversas áreas educativas.

5.13. PROXECTO DE XOGOS NO PATIO

Xustificación

Vense observando no tempo dos recreos a tendencia de moito do alumnado de Primaria a practicar case exclusivamente fútbol, en detrimento doutros xogos e deportes que poden rematar no esquecemento.

Por ende son os maiores (5º e 6º de primaria) os que sempre ocupan a única pista deportiva da que dispón o centro, por máis que se fagan quendas, demostran a habilidade suficiente para facer negociacións con outros rapaces e rapazas co fin de compartir o citado espazo. Sendo así que sempre son os mesmos os que xogan ao mesmo.

Este tipo de circunstancias e outras que se observan en ocasións máis ou menos puntuais conducen a plantexarnos a necesidade de facer unha reorganización do patio escolar coa finalidade de acadar un mellor aproveitamento do espazo. Posibilitarase tamén desta maneira a integración de rapaces e rapazas que prefiren opcións lúdicas alternativas ás que se veñen desenvolvendo habitualmente.

Por outro parte, no patio que se reserva ao alumnado de E. Infantil en certas ocasións se practican xogos turbulentos que ás veces orixinan pelexas entre os rapaces.

É por isto que durante o presente curso, decidimos crear unha comisión que terá como finalidade organizar os espazos do centro para que teñan cabida outras prácticas.

Composición da comisión

Esta comisión está composta polo seguinte profesorado do centro.

- Mercedes Camba Castro
- Carmen Monteagudo Romero
- María Soledad Nieto Mallo
- Domitila Mayo Lestón
- Óscar Romero Almallo
- Raquel Viña Molinos

Obxectivos xerais

- Fomentar a participación do alumnado en xogos e deportes variados.
- Incluir xogos tradicionais na cotianeidade dos recreos.
- Habilitar determinados espazos do patio para a práctica de distintos xogos e deportes.
- Elaborar unhas pautas concretas a seguir para implicar no xogos a aqueles alumnos ou alumnas con deficiencias nas súas habilidades sociais.
- Implicar ao alumnado na organización das diferentes zonas.
- Propiciar a implicación dos distintos grupos de idade nunha mesma práctica.
- Crear un banco de recursos lúdicos de interior para o seu emprego os días que o recreo se fai nas aulas por mor da climatoloxía.
- Poñer a disposición dos alumnos materiais para os diferentes xogos.

Plan de actuación

- Este curso quedamos sen metade da pista polideportiva ao aire libre, por mor das obras de construción da gardería de Esteiro. Só quedaron as canastras e unha portería polo que, distribuiremos os tempos para combinar a práctica do baloncesto co fútbol.
- Tamén se prevé colocar as porterías vellas na zona de herba para así habilitar un campo que permita o fútbol en días secos.
- Prevese ao longo do curso habilitar outros campos de xeito permanente ou temporal: brilé, voleibol, bádminton, mariolas, trompos, canicas,....
- Farase acopio de instrumentos para diferentes xogos sin campo: cordas, gomaz, trompos, pelotas diversas, carretas, “cacharriños”,.... e disporanse para o alumnado de educación infantil e para o de primaria.
- O fin último é que sexan os propios alumnos os que organicen o uso de espazos e a temporalización dos mesmos.

6. Programa Plurilingüe

O programa desenvolverase ao longo da etapa de Primaria, aplicándose no curso 2014-15 só no tres primeiros niveis de primaria.

Durante os vindeiros cursos, e a razón dun nivel por curso, irase ampliando a súa aplicación, ata conseguir a súa total implantación en todos os niveis de Primaria:

- 2012/13 – 1º Primaria
- 2013/14 – 2º Primaria
- 2014/15 – 3º Primaria
- 2015/16 – 4º Primaria
- 2016/17 – 5º Primaria
- 2017/18 – 6º Primaria.

OBXECTIVOS XERAIS EN RELACIÓN CO PROXECTO EDUCATIVO.

- ✿ Innovación.
- ✿ Necesidade de consolidar o equipo docente mediante liñas de actuación común.
- ✿ Aumentar o grao de motivación do alumnado pola aprendizaxe das linguas.
- ✿ Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave que sinala o currículo.
- ✿ Mellora no rendemento e nos resultados do alumnado.

Impartirase inglés na área de Educación Musical, a razón de unha sesión semanal.

A coordinación do proxecto será levada por Gonzalo Brea Romaní (director do centro), como profesor implicado en impartir a lingua estranxeira na área de Música.

As súas funcións serán:

- 🌐 Organizar e liderar as actuacións en relación ao proxecto plurilingüe.
- 🌐 Sistematizar o traballo, aportando propostas claras de planificación trimestral, que resuma o traballo realizado para favorecer unha visión global de avance.
- 🌐 Plantexar un calendario de reunións.
- 🌐 Elaborar instrumentos para a recollida sistemática de información.

Teremos, por terceiro curso consecutivo, a axuda dunha persoa auxiliar de conversa, como apoio nas capacidades orais do alumnado.

6.1 MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade humana. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo.

No que ao Programa Plurilingüe se refire, é preciso avaliar o desenvolvemento realizado a través da súa concreción anual. Para iso, establecemos algúns dos procedementos e instrumentos que poidan ser utilizados para valorar o grao de cumprimento da planificación deste programa, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Entre estes procedementos ou instrumentos caben destacarse:

- Reunións entre o coordinador do programa co resto do profesorado implicado no proxecto, e máis coa persoa auxiliar de conversa. Ditas reunións constitúen oportunidades para a reflexión, o análise e o debate, permitindo detectar as dificultades que poidan xurdir á hora de implementar a concreción anual, así como o consenso da súa aplicación e desenvolvemento.
- Cuestionarios cumprimentados por titores e titoras, polo profesorado en xeral e polas familias, que aporten información sobre a percepción do programa, sobre a súa idoneidade, así como sobre a eficacia das actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento.
- Análises dos resultados escolares, que nos dean pistas sobre aspectos a reforzar. Ditos resultados poden poñer de manifesto a necesidade de introducir cambios no programa, que contribúan a unha mellora das expectativas escolares e do rendemento académico do alumnado.
- Memoria final, que contemple todas as conclusións sobre a avaliación levada a cabo, ademais de especificar as técnicas e instrumentos utilizados para a recollida de información, así como de canalizar as correspondentes propostas de mellora que se fagan ao respecto.

7. Calendario Escolar

O centro basearase na Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014-2015, nos centros sostidos con fondos públicos.

O claustro e consello escolar, acordou a solicitude como días non lectivos para este curso, o 3 de novembro de 2014 e o 4 de maio de 2015.

Durante o curso, celebraranse as conmemoracións establecidas no artigo 8º da citada Orde.

7.1 **CALENDARIO DE AVALIACIÓNS (Segundo directrices da CCP)**

| | |
|---------------|-----------------------------|
| 1ª AVALIACIÓN | 15 e 16 de decembro de 2014 |
| 2ª AVALIACIÓN | 23 e 24 de marzo de 2015 |
| 3ª AVALIACIÓN | 15 e 16 de xuño de 2015 |

8. Libros de Texto e Material Curricular

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---------------|-------------------------------------|--|-------------------|-------------------|
| 1º PR. | Matemáticas | Matemáticas 1. Los Caminos del Saber. Equipo Editorial. SANTILLANA. 2011 | 978-84-294-9124-1 | Cast. |
| 1º PR. | Lingua Gal. | Lingua 1. Os Camiños do Saber. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA.2011 | 978-84-9972-081-4 | Gal. |
| 1º PR. | Lingua Gal. | Lecturas 1. A nave dos libros. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA. 2011 | 978-84-9972-084-5 | Gal. |
| 1º PR. | Lingua Gal. | Caderno de Ortografía 1. Beatriz Fernández Rocha e outra. TAMBRE-EDELVIVES. 2011 | 978-84-92404-93-3 | Gal. |
| 1º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 1.Unha a unha. Pérez Madorrán, Emma. ANAYA. 2011 | 978-84-667-9953-9 | Gal. |
| 1º PR. | Lengua Cast. | Lecturas comprensivas 4. Sílabas trabadas. Martínez Romero, José. GEU EDITORIAL. 2010 | 978-84-9915-135-9 | Cast. |
| 1º PR. | Lengua Cast. | Lecturas comprensivas 5. Leo frases. Martínez Romero, José. GEU EDITORIAL. 2010 | 978-84-9915-136-6 | Cast. |
| 1º PR. | Lengua Cast. | Lecturas comprensivas 6. Leo párrafos. Martínez Romero, José. GEU EDITORIAL. 2010 | 978-84-9915-137-3 | Cast. |
| 1º PR. | Relixión | Religión Católica 1. Crespo Marco, Valero. ANAYA. 2011 | 978-84-667-9826-6 | Cast. |
| 1º PR. | Inglés | Galaxy 1. Class Book. Kathryn Harper e outros. OXFORD. 2010 | 978-0-19-470718-3 | Ing. |
| 1º PR. | Inglés | Galaxy 1. Activity Book. Kathryn Harper e outros. OXFORD. 2010 | 978-0-19-470733-6 | Ing. |
| 1º PR. | Plástica | Educación Plástica 1. Los Caminos del Saber. Equipo Editorial. SANTILLANA. 2011 | 978-84-680-0343-6 | Cast. |
| 2º PR. | Matemáticas | Matemáticas 2. Los Caminos del Saber. Equipo Editorial. SANTILLANA. 2011 | 978-84-294-9670-3 | Cast. |
| 2º PR. | Lingua Gal. | Lingua 2. Os Camiños do Saber. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA.2011 | 978-84-8224-981-0 | Gal. |
| 2º PR. | Lingua Gal. | Lecturas 2. A nave dos libros. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA. 2011 | 978-84-9972-085-2 | Gal. |
| 2º PR. | Lingua Gal. | Caderno de Ortografía 2. Beatriz Fernández Rocha e outra. TAMBRE-EDELVIVES. 2011 | 978-84-92404-99-5 | Gal. |
| 2º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 2.Unha a unha. Pérez Madorrán, Emma. ANAYA. 2011 | 978-84-667-9956-0 | Gal. |
| 2º PR. | Lengua Cast. | Lecturas comprensivas 8. Leo Textos II. Martínez Romero, José. GEU EDITORIAL. 2010 | 978-84-9915-139-7 | Cast. |
| 2º PR. | Lengua Cast. | Lecturas comprensivas 9. Leo Textos III. Martínez Romero, José. GEU EDITORIAL. 2010 | 978-84-9915-140-3 | Cast. |
| 2º PR. | Relixión | Religión Católica 2. Crespo Marco, Valero. ANAYA. 2011 | 978-84-667-9828-0 | Cast. |
| 2º PR. | Inglés | Galaxy 2. Class Book. Kathryn Harper e outros. OXFORD. 2010 | 978-0-19-470725-1 | Ing. |
| 2º PR. | Inglés | Galaxy 2. Activity Book. Kathryn Harper e outros. OXFORD. 2010 | 978-0-19-470740-4 | Ing. |
| 2º PR. | Plástica | Educación Plástica 2. Los Caminos del Saber. Equipo Editorial. SANTILLANA. 2011 | 978-84-680-0345-0 | Cast. |
| 3º PR. | Lingua Gal. | Lingua 3. En liña Equipo Carabeiro. ANAYA.2012 | 978-84-678-2094-2 | Gal. |
| 3º PR. | Lengua Cast. | Lengua Castellana.VOCES 3. Proyecto “Los caminos del saber”. SANTILLANA | 978-84-680-1132-2 | Cast. |
| 3º PR. | Matemáticas | Matemáticas 3. En liña. Ferrero de Pablo, Luis e outros. ANAYA. 2012 | 978-84-678-1705-8 | Cast. |
| 3º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 3. Proxecto “Os camiños do saber”. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA. 2012 | 978-84-9972-092-0 | Gal. |
| 3º PR. | Relixión | Religión Católica, 3. En liña. Crespo Marco, Valero e outros. ANAYA. 2012 | 978-84-678-1899-4 | Cast. |
| 3º PR. | Inglés | Beep 3. Student’s Book. Brendan Dunne e Robin Newton. RICHMOND. 2012 | 978-84-668-1010-4 | Ing. |
| 3º PR. | Inglés | Beep 3. Activity Book. Brendan Dunne e Robin Newton. RICHMOND. 2012 | 978-84-668-1011-1 | Ing. |
| 3º PR. | Matemáticas | Solución de Problemas. Método DECA 3. Nuria Carazo Torres. SANTILLANA.2012 | 978-84-680-1040-3 | Cast. |
| 4º PR. | Lingua Gal. | Lingua 4. En liña Equipo Carabeiro. ANAYA.2012 | 978-84-678-2100-0 | Gal. |
| 4º PR. | Lengua Cast. | Lengua Castellana.VOCES 4. Proyecto “Los caminos del saber”. SANTILLANA | 978-84-680-1134-9 | Cast. |
| 4º PR. | Matemáticas | Matemáticas 4. En liña. Ferrero de Pablo, Luis e outros. ANAYA. 2012 | 978-84-678-1712-6 | Cast. |
| 4º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 4. Proxecto “Os camiños do saber”. Equipo Editorial. OBRADOIRO-SANTILLANA. 2012 | 978-84-9972-191-0 | Gal. |
| 4º PR. | Relixión | Religión Católica, 4. En liña. Crespo Marco, Valero e outros. ANAYA. 2012 | 978-84-678-1903-8 | Cast. |
| 4º PR. | Inglés | Beep 4. Student’s Book. Brendan Dunne e Robin Newton. RICHMOND. 2012 | 978-84-668-1422-5 | Ing. |
| 4º PR. | Inglés | Beep 4. Activity Book. Brendan Dunne e Robin Newton. RICHMOND. 2012 | 978-84-668-1458-4 | Ing. |
| 4º PR. | Matemáticas | Solución de Problemas. Método DECA 4. Nuria Carazo Torres. SANTILLANA.2012 | 978-84-680-1042-7 | Cast. |
| 5º PR. | Lingua Gal. | Lingua 5. Abre a porta. Equipo Carabeiro. ANAYA. 2009 | 978-84-667-8067-4 | Gal. |
| 5º PR. | Lengua Cast. | Lengua 5. Abre la puerta. Bello Crespo, Carmen e outros. ANAYA. 2009 | 978-84-667-7899-2 | Cast. |
| 5º PR. | Matemáticas. | Matemáticas 5. Abre la puerta. Ferrero de Pablo, Luis e outros. ANAYA. 2009 | 978-84-667-7910-4 | Cast. |
| 5º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 5. Abre a porta. Brotóns Vitoria, J. Ramón e outros. ANAYA. 2010 | 978-84-667-8084-1 | Gal. |
| 5º PR. | Relixión | Religión Católica 5. Abre la puerta. Crespo Marco, Valero e outros. ANAYA. 2010 | 978-84-667-8016-2 | Cast. |
| 5º PR. | Inglés | Galaxy 5. Class Book. Alison Blair e outros. OXFORD. 2009 | 978-0-19-437862-8 | Ing. |
| 5º PR. | Inglés | Galaxy 5. Activity Book. Alison Blair e outros. OXFORD. 2009 | 978-0-19-437863-5 | Ing. |
| 6º PR. | Lingua Gal. | Lingua 6. Abre a porta. Equipo Carabeiro. ANAYA. 2009 | 978-84-667-8070-4 | Gal. |
| 6º PR. | Lengua Cast. | Lengua 6. Abre la puerta. Bello Crespo, Carmen e outros. ANAYA. 2009 | 978-84-667-7904-3 | Cast. |
| 6º PR. | Matemáticas. | Matemáticas 6. Abre la puerta. Ferrero de Pablo, Luis e outros. ANAYA. 2009 | 978-84-667-7915-9 | Cast. |
| 6º PR. | C. do Medio | Coñecemento do Medio 6. Abre a porta. Brotóns Vitoria, J. Ramón e outros. ANAYA. 2010 | 978-84-667-8087-2 | Gal. |
| 6º PR. | Relixión | Religión Católica 6. Abre la puerta. Crespo Marco, Valero e outros. ANAYA.2010 | 978-84-667-8018-6 | Cast. |
| 6º PR. | Inglés | Galaxy 6. Class Book. Alison Blair e outros. OXFORD. 2009 | 978-0-19-437852-9 | Ing. |
| 6º PR. | Inglés | Galaxy 6. Activity Book. Alison Blair e outros. OXFORD. 2009 | 978-0-19-437853-6 | Ing. |
| 6º PR. | Ed. Cidadanía | Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Seminario Galego de Educación para a Paz. CONSORCIO ED. GALEGA. 2009 | 978-84-8341-364-7 | Gal. |

9. Addenda do Proxecto Lingüístico (Art. 14.4 do Decreto 79/2010)

1.- Introducción:

Segundo o establecido no *decreto 79/2010 do 20 de maio*, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo número 14.3 o proxecto lingüístico do centro deberá ser remitido ós servizos de inspección educativa cada catro anos.

Por outra banda e segundo o indicado no artigo 14.4, cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engade ao Proxecto Lingüístico do centro, no cal se inclúen, entre outros aspectos, o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de educación infantil e as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega.

Atendendo a estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte addenda correspondente ao curso 2014-2015, cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo.

2.- Lingua materna predominante na Educación Infantil:

Seguidas as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010, levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), ao final do curso anterior, na que se recolleu información para a determinación da lingua materna do alumnado.

Así mesmo, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de Educación Infantil) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recollida esta información nas entrevistas iniciais coas familias.

Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicada no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual da contorna é o galego.

O resultado das recollida de información determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 3 anos para o curso 2014-2015, é o galego nun 100% .

Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é tamén o galego.

Ante estes resultados, o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas de Infantil do noso centro, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no PEC, PXA e as distintas Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

3.- Información e valoración dos programas para o fomento e dinamización da lingua galega:

O longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, moitas delas dentro das “axudas para os equipos de dinamización da lingua galega” convocadas anualmente, e que están detalladas polo miúdo tanto no Proxecto como na Memoria elaborada polo Equipo para a dinamización da lingua galega.

4.- Modificación na impartición da lingua estranxeira:

Estando o centro inmerso na Rede de Centros Plurilingües, e sendo este o terceiro curso de implantación, a área de música será impartida na lingua estranxeira (inglés) en 1º, 2º e 3º de primaria.

5.- Inclusión no Proxecto Lingüístico do centro:

Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección.

ANEXO I. PLAN ANUAL DE LECTURA**1. XUSTIFICACIÓN**

Este plan de lectura anual é un documento que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro ao longo do curso 2014-2015.

Se temos en conta dito proxecto, hai que salientar que o alumnado dos cursos máis baixos é o que en maior medida parece apreciar a vertente lúdica da lectura a través dos contos que se lles le. Progresivamente, dáse paso á consciencia da vertente formativa da lectura e poida que se vaia perdendo aquela diversión dos primeiros anos de escolarización. Polo tanto, consideramos necesario seguir “enganchando” aos alumnado na lectura como divertimento, fomentándoa con actividades lúdicas ao tempo que se traballen diferentes tipos de textos, intentando fomentar xéneros literarios menos apreciados por eles (como é o caso da poesía).

Tamén é necesario que o noso alumnado descubra a importancia da biblioteca, e dos libros que nela hai, como fonte de información, e cada vez sexan máis capaces de tratar de maneira adecuada esta información, polo que o traballo por proxectos debe adquirir un maior peso na metodoloxía de cada aula.

Neste ámbito, as nosas actuacións deben ir, por tanto, encamiñadas á consecución dos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, que se recollen no seguinte apartado.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR

O presente Plan Anual de Lectura, pretende contribuír á consecución dos obxectivos que se establecen no Proxecto Lector, e que son os que siguen:

- Formar lectores competentes
- Crear e consolidar o hábito lector
- Ter utilidade á hora de plantexarse actividades lectoescritoras a calquera nivel.
- Apoiar as programacións anuais e outros proxectos que se desenvolvan no centro.
- Proporcionar ferramentas de traballo para acadar a competencia lingüística.
- Integrar a biblioteca escolar na práctica docente diaria, facendo dela un centro de actividades.
- Implicar nas propostas lectoras aos distintos sectores da comunidade educativa.

Estes obxectivos concréntanse, para este curso, nunhas liñas prioritarias de actuación, que se recollen no seguinte apartado

3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2014-2015

Neste apartado detállanse as liñas prioritarias de actuación que se pretenden levar a cabo na biblioteca do centro en canto organización e xestión, promoción dos recursos da biblioteca, formación de usuarios, fomento da lectura,...

1.- En relación á organización e a xestión establecemos os seguintes obxectivos:

- Seguir tratando de compatibilizar o horario dos membros integrados no equipo de biblioteca, de maneira que nas horas de atención á mesma polo menos dúas persoas traballen conxuntamente.

- Continuar coordinándose cos responsables de outros equipos ou plans (TICs, Extraescolares, Dinamización Lingüística,...) para unir esforzos e implicarse en actividades conxuntas.

- Implicar ao equipo de Tics na biblioteca para colaborar na elaboración de vídeos, crear material audiovisual, potenciar o uso dos lectores electrónicos...

- Realizar un compromiso e unha guía para o bo uso dos ebooks.

- Fixar a inicio de curso un calendario de reunións e temporizar os obxectivos e actividades.

- Confeccionar un horario no que se recollan as horas de atención á biblioteca dos membros do equipo e os tempos adxudicados a cada aula durante o horario lectivo.

-Continuar coa apertura da biblioteca escolar e co servizo de préstamo durante recreos e polas tardes.

-Proseguir coa actualización dos fondos da biblioteca e coa organización dos existentes.

-Seguir ampliando os fondos da biblioteca en función do proxecto anual e incrementar a bibliografía científica.

-Adquirir fondos para o préstamo familiar.

-Formar ao alumnado interesado de 6º para que poidan exercer a labor de axudantes de biblioteca.

-Seguir confeccionando os carnés das familias.

-Elaborar carnés para as mochilas viaxeiras.

2.- Con respecto á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado, pretendemos o que segue:

-Elaborar listaxes de materiais útiles para o desenvolvemento dos proxectos ou actividades que se levan a cabo no centro.

-Facer exposicións de fondos documentais arredor dun determinado centro de interese (proxecto anual, conmemoracións, visitas de autores...)

-Promover lecturas de tipo divulgativo e de entretemento (non só ficción) nas distintas áreas do currículo (biografías, temas científicos, noticias destacadas...). As distintas conmemoracións, eventos, proxectos,... que se celebran conxuntamente no centro (Paz, día da Muller, xogos populares,...) son unha excelente oportunidade para facelo.

-Confeccionar guías para as familias recomendando libros, CDs, DVDs, páxinas web e actos culturais que se ofertan no entorno.

-Empregar o blog da biblioteca para informar da adquisición de novidades, difundir os fondos cos que conta a biblioteca e dar a coñecer os eventos e actividades que teñen lugar nela.

-Promover as recomendacións de libros entre o alumnado: a través de vídeos, carteis, exposicións orais,...

-Organizar un proxecto anual no que se implique todo o profesorado e no que a biblioteca resulte unha fonte esencial de información e recursos para o desenvolvemento do mesmo. Neste curso escolar 2014-2015 terá continuidade o proxecto iniciado neste curso escolar “ un paseo pola historia ”

-Promover a realización de pequenos proxectos de investigación nas aulas nos que resulte imprescindible o uso da biblioteca.

-Promover actividades lúdicas desde a propia biblioteca que susciten a necesidade de empregar a mesma como fonte de información: Rebusco literario, pista a pista,...

-Seguir contando coa colaboración e axuda da dirección do centro e da comisión do consello escolar.

3.- En canto á formación de usuarios e educación para o acceso á información, a nosa intención é promover iniciativas para dar a coñecer o espazo e recursos bibliotecarios existentes e para que os usuarios acaden autonomía ante calquera demanda informativa. As nosas actuacións estarán encamiñadas a:

- Coñecer as normas de funcionamento da BE e os servizos que presta.

-Diferenciar espazos e seccións. Comprender a necesidade dunha organización do material e descubrir a utilidade de carteis e rótulos.

-Coñecer o sistema de clasificación: cores, xéneros, coleccións,...

-Diferenciar as partes dun libro e saber como vén organizada a información.

-Identificar as ferramentas de axuda nos libros documentais (índices, sumarios, glosario,...)

-Coñecer as principais obras de referencia básicas (dicionarios, enciclopedias e atlas) e as súas peculiaridades.

-Desenvolver destrezas básicas de búsqueda: orde alfabética, interpretación de abreviaturas e lendas, toma de notas, ...

-Incrementar a formación de usuarios mediante a realización de fichas individuais, xogos e concursos tendo en conta a idade e coñecementos adquiridos.

-Formar ao novo profesorado que se incorpore ao centro se fose preciso (ensinar a manexar o programa meiga, proceso de catalogación, préstamos, normas da biblioteca,...)

4.- Para o fomento da lectura pretendemos:

- Continuar co programa das mochilas viaxeiras.
- Convocar as “VII Xornadas Pasámolo de medo” durante a festa do Samaín e a “VII Maratón de Lectura” coincidindo coa celebración do Día do Libro.
- Elaborar actos conxuntos no día da Poesía e das Letras Galegas.
- Confeccionar guías de lecturas para regalar en Nadal e para ler durante as vacacións.
- Renovar os recantos de lectura nos corredores do colexio que poderán ser empregados nos recreos, hora de ler, cando se rematen as tarefas propostas na aula,...
- Crear un recanto de lectura no exterior para empregar nos recreos soleados.
- Celebrar sesións de contacontos e encontros con algún autor.
- Poñer en práctica o programa de apadriñamentos lectores.
- Propoñer a realización dun novo club de lectura.
- Promover a realización de contacontos entre alumnos
- Seguir co proxecto do “libro viaxeiro”, elaborado polas familias, en Educación Infantil.
- Cooperar na revisión e na posta en práctica do Proxecto Lector do centro.

5.- Outras actuacións:

O equipo da BE procurará manter informadas ás familias, ás escolas e asociacións culturais do entorno, á ANPA e ó concello (Axencia de lectura) das actividades previstas mediante cartas da mascota e a través da comisión do Consello Escolar. No centro, mediante carteis, na web da escola e o blog da biblioteca, daranse a coñecer convocatorias de premios, concursos e proxectos; nos taboleiros exhibiranse noticias e artigos de prensa relacionados coa educación ou a escola; darase conta de novidades editoriais e recomendaranse programas da televisión que nos parezan interesantes e axeitados,... Un ano máis colaborarase tamén coa ANPA na convocatoria do certame de contos “Mestre Agrelo”, dándolle difusión ás bases do mesmo, animando ao alumnado a participar, formando parte do xurado,...

4.ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

O principal espazo será a biblioteca do centro pero, ademais, cada clase contará con una biblioteca de aula. Crearanse, tamén, recantos lectores próximos ás aulas para favorecer que a lectura estea presente en calquera parte do centro e acade un carácter distendido.

Calquera tempo é apropiado para a lectura. Cada aula disporá dunha hora semanal fixa para asistir á biblioteca, pero poderá asistir en calquera outro momento que o precise, sempre que esta estea dispoñible. Ademais, cada clase contará con media hora específica de lectura diaria.

Polas tardes, a biblioteca estará aberta para aquel alumnado que desexe asistir. Os martes e xoves tamén se abrirá durante o recreo

5.RECURSOS HUMANOS

Para este curso escolar o equipo de biblioteca estará formado polas seguintes mestras:

- Raquel Viña Molinos
- Encarnación Mayo París
- María Dolores Vigo Fernández
- María Dolores Creo Mayo
- Eva Santiago Hermida
- María de la Soledad Nieto Mallo

A mestra responsable contará con dúas horas semanais exclusivas de dedicación á biblioteca e o resto dos membros do equipo dedicará, como mínimo, unha hora semanal á mesma. Procurarase que esas horas sexan compartidas con outro compañeiro do equipo.

O equipo de dinamización lingüística tamén se implicará nas actividades de fomento de lectura e colaborarán nas labores de mantemento da biblioteca.

O equipo de Tics implicarase na elaboración de material audiovisual e colaborará co xestionamento dos lectores electrónicos.

Polo tanto, todo o profesorado do centro colaborará dunha maneira ou outra nas tarefas da biblioteca escolar

Así mesmo, contarase con un grupo de oito alumnos/as, axudantes de biblioteca, que se seleccionaran entre o alumnado de 5º e 6º.

6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

-Proxecto anual: Este proxecto será común a todas as aulas, de maneira que todo o centro se implique no desenvolvemento do mesmo. O curso pasado iniciouse un proxecto sobre historia “Un paseo pola historia”. Traballouse a Prehistoria. Para este curso o tema central será a Idade antiga.

-Rutinas de lectura:

-Mochilas viaxeiras: Cada aula contará con unha ou dúas mochilas que terán contido diverso para toda a familia e que cada neno/a levará durante unha semana para a súa casa.

-Préstamo de libros: Cada alumno/a terá un carné de biblioteca e pode facer uso do servizo de préstamo.

-Lecturas entre o alumnado: O alumnado de menor idade disfrutará de textos lidos polos seus compañeiros de cursos máis elevados, que previamente prepararan e ensaiarán.

-Club de lectura: Para o alumnado de terceiro ciclo, durante un recreo á semana

-Libro viaxeiro (en educación infantil): Feito en colaboración coas familias

-Apadriñamentos lectores: Alumnos maiores que apadriñan a algún alumno de infantil para lerlle contos ou contarlle historias.

-Actividades puntuais:

-VII Xornadas “Pasámolo de medo”: Coincidindo coa celebración do Samaín faranse lecturas terroríficas nos recreos.

-Día da Poesía: Para conmemorar esta data farase algún acto conxunto que incluíra un recital poético.

-VII Maratón de Lectura: Durante a semana do 23 de Abril, polas tardes na Biblioteca, poderán ler os alumnos e os familiares.

-Certame de contos “Mestre Agrelo”: Convocado pola ANPA coa colaboración do profesorado do centro.

-Conmemoración das Letras Galegas: Faranse actividades durante todo o mes, e un acto conxunto homenaxeando ao autor deste ano, Xosé Filgueira Valverde.

-Contacontos e encontros con autores: Ao longo do curso organizaranse varios contacontos profesionais e a visita de algún escritor do que os alumnos teñan lido algunha das súas obras.

7. ITINERARIOS LECTORES

Para o presente curso elaboraranse os seguintes itinerarios lectores:

-Lecturas terroríficas (para o Samaín)

-Lecturas para a paz

-Lecturas sobre a Idade Antiga

-Lecturas poéticas

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións.

A avaliación da situación de partida contemplarase na primeira reunión. Nas trimestrais estudarase o grao de cumprimento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, revisarase o plan e modificarase se procede.

Os procedementos, indicadores e instrumentos para a avaliación serán varios:

- A participación do alumnado nas iniciativas propostas e a súa progresión observada mediante as fichas, actividades e traballos realizados.
- A implicación das familias nas actividades e a súas opinións a través do caderno viaxeiro e dos comentarios no blog.
- Enquisas ao profesorado. Tamén se recabará o seu parecer e valoración a través das reunións de ciclo, claustros,...
- Enquisas ao alumnado e recollida de información a través de diálogos cos mesmos sobre as propostas que se realizan desde a biblioteca.
- Enquisas ás familias sobre as iniciativas que se están promovendo.
- Consulta dos índices de lectura, realización de probas obxectivables nas aulas (cronolecturas, probas de lecto-escritura,...)

ANEXO II. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

1.1. PRESENTACIÓN DO CENTRO.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO:

2.1. OBXECTIVOS XERAIS.

2.1.1. PARA O CENTRO.

2.1.2. PARA O PROFESORADO.

2.1.3. PARA AS FAMILIAS.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO:

2.2.1. OBXECTIVOS DE PROCESO.

2.2.2. OBXECTIVOS DE PRODUCTO.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

3.1. METODOLOXÍA.

3.2. ACTIVIDADES.

3.3. CONTIDOS QUE SE VAN DESENVOLVER.

3.4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

4. A DIVERSIDADE E OS VALORES COAS TIC:

4.1. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

4.2. IGUALDADE DE XÉNERO.

4.3. FOMENTO DO VALORES DEMOCRÁTICOS.

4.4. POTENCIACIÓN DO USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS PARA A LECTURA, A INFORMACIÓN E APRENDIZAXE.

5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES.

6. ORGANIZACIÓN DOS ESPACIOS.

7. PREVISIÓN DAS MODIFICACIÓNS QUE DEBERÁN REALIZARSE NO PLAN ANUAL.

8. PLAN DE AVALIACIÓN.

8.1. AVALIACIÓN INICIAL.

8.2. AVALIACIÓN DO PROCESO.

8.3. AVALIACIÓN FINAL.

8.4. ASPECTOS A AVALIAR.

8.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

9. FORMACIÓN DO PROFESORADO.

10. DIFUSIÓN DO PROXECTO.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

1.1. PRESENTACIÓN DO CENTRO.

O C.E.I.P. PLURILINGÜE “Ricardo Tobío”, está situado en Esteiro no concello de Muros; é unha zona rural-costeira con pequenos núcleos de poboación (que nos últimos anos estivo descendendo estabilizándose na actualidade). Dado que os alumnos/as proveñen de zona rural, polo que adquire máis relevancia a importancia das novas tecnoloxías e, en especial Internet, como fonte de coñecemento e información.

O noso Centro conta con 10 unidades distribuídas do seguinte xeito: 3 de Ed. Infantil (1 aula de 3 anos, 1 aulas de 4 anos e 1 aula de 5 anos) e 7 de Ed. Primaria (1 aula de 1º, 1 aula de 2º, 1 aula de 3º, 1 aula de 4º, 1 aula de 5º e 2 aulas de 6º).

O persoal docente está formado por 18 profesor@s, dos cales son titores 10 e especialistas 7 (1 de Ed.Física, 1 de inglés, 1 de música, 1 de relixión, 1 de A.L., 1 de P.T. e 1 orientador compartido). Non hai coidador/a.

Hai aula de Apoio (onde traballa o especialista de P.T.), aula de A.L. e Departamento de Orientación.

O horario escolar é de 9:30 a 14:30 horas, e non posúe servizo de comedor pero sí transporte escolar.

Dentro da aula ordinaria, poténcianse actividades de grupo, actividades que facilitan a realización de experiencias e a interacción verbal entre compañeiros/as. Así mesmo, empréganse recursos materiais variados para facilitar a comprensión de conceptos (traballándose moitas veces con apoio informático na sala de ordenadores).

O alumnado é, polo xeral, pouco problemático e responde positivamente ás actividades que se lle propoñen. As familias entenden o Centro como propio, xa que nel estudaron e están a estudar @s seus fill@s, net@s...

As relacións dentro da Comunidade Educativa son boas tanto entre o profesorado coma do Centro co seu entorno.

O dinamismo e profesionalidade déixase ver nos proxectos de innovación que están en marcha.

OBXECTIVOS DO PROXECTO:

2.1. OBXECTIVOS XERAIS:

2.1.1. PARA O CENTRO.

- Implicar a todo o profesorado na utilización das TIC.
- Dispor de equipamento informático acorde coa incorporación das TIC ao ensino, que permita educar sobre TIC e con TIC.
- Desenrolo e mantemento dunha web propia.

2.2.2 PARA O ALUMNADO:

- Potenciar a autonomía na aprendizaxe.
- Incrementar a competencia dixital do noso alumnado.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Lograr unha maior motivación para a súa aprendizaxe.
- Potenciar o traballo en grupo con actitudes colaborativas e solidarias.
- Desenvolver o uso crítico das TIC como medio de acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvenientes e limitacións.

2.2.3. PARA O PROFESORADO:

- Compatibilizar os modelos “aula de informática” e “informática na aula”.
- Potenciar o traballo cooperativo entre os membros dos grupos de traballo, ciclos...
- Participar activamente na actualización da páxina web do Centro.
- Creación de material didáctico en formato dixital.
- Utilizar a rede como medio de formación permanente (realización de actividades de teleformación, búsqueda de recursos para a aula, intercambio de experiencias con outros centros...
- Empregar o XADE como ferramenta de xestión académica.

2.2.4. PARA AS FAMILIAS:

- Difusión do uso das TIC entre as familias do alumnado.
- Posibilitar a xestión administrativa para as familias dende a casa.
- Intercambiar información co Centro.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O EQUIPO TIC NO CURSO 12/13

- Adquirir os armarios adecuados para gardar o material TIC de xeito seguro, manter O almacén tic ordenado
- Continuar co desenvolvemento da web dinámica na que poida participar toda a comunidade educativa.
- Continuar coa organización dos arquivos multimedia nun só soporte.
- Ubicar de novo o canón da ludoteca debido a reestruturación que terá o espazo biblioteca-ludoteca (se finalmente se fai dita reestruturación) e establecer un punto de proxección cunha pantalla
- Reestruturación da Aula de Informática
- Adquisición de novos equipos.
- Centralizar os recursos do profesorado e material multimedia nun disco duro externo ó cal se poida ter acceso dende calquera PC.
- Estudiar a posibilidade de dar acceso WIFI nas aulas
- Mantemento dos PCs
- Creación de artigos informáticos para a Revista e/o blog de TIC

3. **DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:**

3.1. **METODOLOXÍA:**

Tendo en conta que a formación inicial e coñecementos informáticos do profesorado participante son dispares, a metodoloxía elixida consistirá na simultaneidade da formación do profesorado (que será práctica, principalmente) co desenvolvemento de actividades que uso das TIC nas aulas.

Consideramos preciso partir dun nivel básico de coñecementos, mantendo reunións de xeito periódico para detectar posibles necesidades de formación.

Progresivamente, iremos propoñendo o uso de sistemas operativos libres, xa que a expansión das TIC podería ser máis efectiva cando non vai vencellada a intereses comerciais.

Para adaptar as TIC as necesidades pedagóxicas non descartamos a posibilidade de “titorizar” inicialmente a algún membro do profesorado.

Polo tanto a metodoloxía terá un dobre aspecto: teórico e práctico; xa que combinaremos a docencia e información coa posta en práctica en relación aos contidos traballados e os obxectivos a acadar.

Nesta **proposta metodolóxica**, combinaremos:

- ✓ Procesos de traballo individual.
- ✓ Procesos de docencia.
- ✓ Traballo en grupo.
- ✓ Difusión do traballado.
- ✓

3.2. ACTIVIDADES:

- Formación do profesorado.
- Ordenar os espazos e medios para a utilización das TIC.
- Avaliación inicial de necesidades.
- Xestión titorial, administrativa e académica a través do XADE.
- Elaboración de documentos común para a aplicación e seguimento do proxecto: actas, fichas-rexistro, partes de incidentes, enquisas valorativas, fichas-guía de programas e actividades...
- Planificación, deseño e execución de experiencias TIC.
- Actualización do plan de uso da aula informática.
- Elaboración e edición de materiais informativos para a comunidade escolar.
- Deseño da páxina web do centro.

3.3. CONTIDOS A DESENVOLVER:

Estes contidos a desenvolver, deberán incorporar todas as facilidades das actuais plataformas tecnolóxicas, fuxindo da mera transposición de materiais escritos.

Tratarase do desenvolvemento de novas metodoloxías pedagóxicas baseadas na incorporación de interactividade, elementos de autoavaliación, contidos multimedia, simulacións, traballo en rede...

É difícil, para unha parte do profesorado, facer unha concreción dos contidos, xa que pola súa necesidade de formación non é posible precisar a aplicación que as TIC poden ter na aula ordinaria e a súa adaptación aos distintos niveis educativos. A pesares disto, elaboramos os contidos que a continuación se nomean:

- ✓ Xestión de sitios web.
- ✓ Internet.
- ✓ Deseño de páxinas web.
- ✓ Emprego de elementos gráficos na web.
- ✓ Creación e deseño de documentos en formato PDF.
- ✓ Transversalidade.
- ✓ Ferramentas educativas.
- ✓ Aplicación de apoio á diversidade.
- ✓ Aplicacións educativas.
- ✓ Listas e caixa de correo en internet.
- ✓ Blog.
- ✓ Encerado dixital.

3.4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:

O grupo das TIC, manterá reunións mensuais para o seguimento deste proxecto e detectar posibles necesidades de formación. O/a coordinador/a anotará os temas tratados, a dotación que se vai instalando e das tarefas pendentes. A avaliación destas reunións realizarase trimestralmente e ao remate do curso.

O seguimento das actividades que realice o profesorado empregando as TIC cun grupo de alumn@s –ou de xeito individualizado nos casos de reforzos educativos- farase nun rexistro que inclúa:

- ✓ Data na que se realiza.
- ✓ Actividade.
- ✓ Duración.
- ✓ Curso e alumn@ co que traballa.
- ✓ Datos do profesor/a que a realiza.
- ✓ Recursos e equipamento empregado.
- ✓ Tipo de organización que se utiliza.

- ✓ Breve descrición da actividade.
- ✓ Referencia á unidade didáctica na que se encadra.
- ✓ Valoración da mesma.

Para os obxectivos máis salientables que nos fixamos neste proxecto, determinamos os seguintes criterios de calidade:

| OBXECTIVOS | INDICADORES DE CALIDADE |
|---|---|
| ✓ Implicación do profesorado no proxecto. | ✓ 50% do profesorado que participa no proxecto durante o curso. |
| ✓ Formación do profesorado no emprego das TIC. | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Asistencia ao 85% das sesión de traballo. ✓ Valoración positiva do profesorado que participa no proxecto. ✓ Realización de sesión de docencia interna. |
| ✓ Uso das TIC nas aulas por parte do profesorado implicado. | ✓ Un 85% do profesorado implicado realiza un mínimo de 5 actividades antes do remate de curso. |
| ✓ Incrementar a competencia dixital do noso alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> ✓ 100% do alumnado utiliza software educativo axeitado ao seu nivel. ✓ 100% do alumnado de 3º ciclo navega por internet para obter información de diferentes páxinas web. |
| ✓ Facilitar a utilización das TIC na atención de alumnos con N.E.A.E. | <ul style="list-style-type: none"> ✓ O profesorado de apoio dispón de equipos para reforzos educativos o 80% do horario. ✓ Realización de actividades TIC nos reforzos educativos. |
| ✓ Mantemento da páxina web. | ✓ Existencia ou non da web propia. |
| ✓ Mellora e mantemento da equipación TIC. | ✓ Actualización de equipamentos por hardware e software e das instalacións adecuadas |
| ✓ Rentabilización da aula de informática. | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Os recursos están organizados. ✓ Hai un banco de datos cos programas educativos cos que contamos. ✓ Está sistematizado o seu uso por todo o alumnado do centro. |
| ✓ Empregar o XADE como ferramenta. | ✓ O 80% do profesorado implicado emprega o XADE para as xestións académicas e administrativas. |
| ✓ Difusión do proxecto na Comunidade Escolar. | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Edición de material informativo antes de final do curso 2009/10: <ul style="list-style-type: none"> • Tres taboleiros informativos entre o persoal docente. |

4. A DIVERSIDADE E OS VALORES COAS TIC:

4.1. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.

A atención a diversidade é unha das principais aspiracións da Educación Básica Obligatoria, é un dos principios xerais que establecen tanto a LOMCE como a LOE. Preténdese que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferenzas individuais dos alumn@s, polo tanto, as medidas de atención á diversidade son basicamente medidas de individualización e personalización do ensino.

O aumento de motivación e adaptación da aprendizaxe ao ritmo de coñecementos do alumno/a son dúas ventaxas básicas que aporta o uso do ordenador no proceso de ensino-aprendizaxe, e polo tanto, as TIC son ferramentas idóneas para a atención á diversidade.

A presenza no noso centro de alumn@s con N.E.A.E. fai necesario que este proxecto os teña en consideración.

Neste momento, non contamos cun equipo informático nas de P.T. e de A.L. aínda que as actividades de reforzo educativo estanse a levar a cabo na aula de informática. Temos previsto incrementar o número de programas educativos axeitados para ás necesidades existentes no noso Centro.

4.2 IGUALDADE DE XÉNERO:

Na escola e onde dispoñemos dun tempo e dun espazo onde asegurar que nen@s teñan as mesmas oportunidades de acceso á alfabetización dixital, sen discriminacións e en igualdade de condicións.

En consecuencia, o desenvolvemento deste proxecto, contribuirá a dar un pulo á procura da igualdade de xénero no uso das novas tecnoloxías.

4.3 O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS:

A integración das TIC ofrece novas e poderosas ferramentas para axudar na formación de cidadáns competentes e fomentar os valores democráticos. Este uso das TIC contribuirá ao desenvolvemento de habilidades na procura de información, comunicación e participación-acción responsables; tamén permite afondar nos temas transversais (paz, saúde...).

Fomentaremos o traballo en equipo, a comunicación con centros e alumn@s doutros países para unha mellor comprensión de valores interculturais.

4.4 POTENCIACIÓN DO USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS PARA A LECTURA, INFORMAICÓN E APENDIZAXE:

Durante este curso, o noso centro levará a cabo as seguintes actividades:

- Continuar co plan de mellora da biblioteca escolar, co fin de ter informatizadas a totalidade dos seus fondos (proxecto MEIGA).
- Mantemento dos PC da biblioteca.
- Integración ca web do Centro.
- Adecuar as instalación existentes ás novas demandas (pintar, instalación eléctricas...).
- Construír un blog educativo.

5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES:

Ademais das redes de comunicación dispostas pola Consellería de Educación que neste momento cobren a totalidade das dependencias do centro (aínda que nos faltan puntos de acceso inalámbrico), o C.E.I.P. PLURILINGÜE “Ricardo Tobío” dispón de varios recursos inventariados. Todo ese material é susceptible de ser aproveitado no proxecto, coas melloras que permita a dotación económica que se conceda.

Habería que descontar os ordenadores instalados para a xestión administrativa do centro:

- 1 para dirección.
- 1 para secretaría.
- 1 para xefatura de estudos.
- 1 para orientación.

Ademais contamos con outros medios como encerado dixital, equipo de música e de son, cámara de vídeo dixital, cámara fotográfica dixital, DVD e vídeo e Home Cinema.

O Centro planificará a utilización destes medios respectando os horarios das materias que se imparten nalgún destes espazos (audiovisuais, música, plástica...) e establecendo quendas/horarios de uso que cubran o total do horario escolar, se fora preciso, para o aproveitamento dos recursos nas actividades relacionadas coas TIC que se planifiquen.

6. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS:

Nos proxectos TIC empregaríase, tanto os recursos existentes como os que resulten da concesión do mesmo; a organización sería a seguinte:

- Axeitar a dotación da aula de informática á rateo do centro para contar cun ordenador para cada alumn@.
- Mantemento dos 3 terminais para profesorado para que poida elaborar actividades, recabar información, elaborar documentación... conectados á multicopista.
- Mantemento e incremento no posible de puntos de acceso á información na Biblioteca para que poidan ser usados polos alum@s fóra da aula para a elaboración de traballos.
- Creación dun espazo dentro da aula de audiovisuais no que poder facer proxeccións cun portátil con canón de vídeo (usarse para actividades de exposición con recursos web, aproveitando as posibilidades que cada un presente).
- Colocación dun area de proxección na aula biblioteca-ludoteca
- Colocación de pizarras a modo de pantallas en distintas estancias do centro

A nosa intención é que convivan os espazos e os tempos tradicionais cos que requiran o uso das TIC dentro das propias aulas a modo, cando menos, de recuncho de recursos.

7. PREVISIÓN DAS MODIFICACIÓNS QUE DEBERÁN REALIZARSE NO PLAN ANUAL:

É evidente que a aplicación da L.O.E. trae cambios normativos que teremos que aplicar no centro a partir do próximo curso coas seguintes revisións e modificacións dos documentos que rexen a vida do centro, documentos onde debe encadrarse un proxecto de calado do que estamos a elaborar, xa que trae consigo modificacións significativas a nivel metodolóxico, de formación do profesorado, organización de espazos, agrupamentos, criterios e instrumentos de avaliación...

Por este motivo, tratarase de incorporar nos novos documentos (concrecións curriculares, P.E.C., Plan de Convivencia, Plan de Orientación, Plan de Acción Titorial, Plan de Biblioteca, Plan Lector, escritor e investigador...) os novos escenarios educativos que supoñen a incorporación das TIC ao ensino, as novas ferramentas pedagóxicas e os novos materiais didácticos. Mesmo haberá que incluír no apartado das sinais de identidade do noso centro a aposta estratéxica polo ensino das TIC e nas TIC.

8. PLAN DE AVALIACIÓN:

8.1. AVALIACIÓN INICIAL:

Consistirá na valoración que fagan os membros do Consello Escolar e, fundamentalmente, da implicación do profesorado na súa posta en marcha.

8.2. AVALIACIÓN DO PROCESO:

Trimestralmente, o equipo das TIC revisará o grao de consecución dos obxectivos marcados co fin de detectar posibles disfuncións e corrixir os desaxustes detectados.

8.3 AVALIACIÓN FINAL:

Coa elaboración da Memoria final, revisarase a marcha global do proxecto que se someterá aos órganos de goberno do Centro.

8.4. ASPECTOS A AVALIAR:

- **FORMACIÓN:**
 - Pertinencia dos obxectivos plantexados.
 - Participación e contribución dos compoñentes do grupo.
 - Proceso de formación de cada membro do grupo.
 - Grao de autonomía adquirido.

- **CREACIÓN:**
 - Actividades específicas realizadas.
 - Materiais producidos.
 - Posibilidades de aplicación dos produtos finais nun contexto pedagóxico.

- **ENSINO-APRENDIZAXE:**
 - Calidade formativa e artística das producións dos alumnos.
 - Valorar o incremento da competencia dixital do noso alumnado: é quen de utilizar o software educativo ao seu nivel, navegar por páxinas web para obter información, usar medios de comunicación...
 - Contidos que se introduciron ou se reforzaron coas TIC.

- **REPERCUSIÓN NO CENTRO:**
 - Relevancia para o Centro do traballo e as aprendizaxes que se realizaron.

8.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ademais da pertinente memoria e reunións específicas de valoración, empregárase a técnica do cuestionario (tanto para a recollida de datos como para a valoración cualitativa).

9. FORMACIÓN DO PROFESORADO:

Propoñemos que para os vindeiros cursos se programen cursos de formación, utilización de recursos TIC (Pizarra Dixital...)

10. DIFUSIÓN DO PROXECTO:

Para que calquera proxecto innovador que se realice no Centro teña éxito, é preciso que sexa coñecido pola comunidade educativa, xa que a súa difusión fomentará o interese e a participación nel, e canto máis coñecido sexa, o número de apartacións será maior.

- **INFORMACIÓN AO PERSONAL DO CENTRO:**
 - Sesións do Claustro, Consello Escolar e Reunións informativas.
 - Exposición do traballo realizado durante o curso.

- INFORMACIÓN AO ALUMNADO:
 - Presentación do proxecto nas aulas por parte dos titores.
- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS:
 - Presentación do proxecto no Consello Escolar.
- INFORMACIÓN A TODO O ENTORNO:
 - Creación e mantemento dunha web dinámica na que se poidan verter os materiais elaborados e facilitar a participación de toda a comunidade educativa.

ANEXO III. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.

Debido ao non ter aínda os resultados do curso 13-14, é imposible elaborar este anexo.

Este documento foi aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar o día

20 de outubro de 2014.